

ACTA NÚM. 6 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E CINCO DE ABRIL DE 2013.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **vinde e cinco de abril de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 21 de marzo de 2013.**
- 2. Aprobación inicial da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no ámbito do P-40. Rocha.**
- 3. Toma de coñecemento da aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM e do plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago (PE-1) na rúa San Miguel dos Agros, 5.**
- 4. Resolución de alegacións, e aprobación definitiva, se procede, do cadro de persoal para o ano 2012.**
- 5. Modificación orzamentaria de transferencia de crédito entre distintas partidas de áreas de gasto de Vías e Obras a Centros Socioculturais.**
- 6. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, a prol do estudo e da elaboración dun plan de emprego xuvenil.**
- 7. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.**
- 8. Dar conta de resolucións da Alcaldía relativas a delegacións de competencias.**
- 9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 10. Rogos e preguntas.**
- 11. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Cumpriméntase así:

Expón o Sr. Alcalde, antes do inicio da sesión, que de conformidade co que dispón o artigo 10 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello, solicitou intervir en nome da Plataforma dos Afectados polas Preferentes, o Sr. Palacio Perulero, e que unha

vez reunida a Xunta de Voceiros, acórdase que conforme ao precepto reseñado, dispoña dun tempo que non excederá dos 5 minutos.

Inicia a súa intervención o Sr. Palacio agradecendo á Alcadía, así como á Xunta de voceiros municipais, que se aceptase a solicitude de realizar esta exposición en nome da Plataforma de Afectados de Compostela, á que representa.

Di que é difícil condensar en 5 minutos case dous anos de loita de miles de cidadáns, e o que lle trae a dirixirse a esta corporación municipal é o feito de que 80.000 persoas poidan perder os seus aforros debido a unha estafa masiva perpetrada por Caixa Galicia e Caixa Nova (agora Novagalicia Banco), unha estafa planificada desde os despachos desa entidade, que lles roubou 1800 millóns de euros, os aforros de miles de persoas e familias. Cando di “estafa masiva” non expresa unicamente o sentir dos 80.000 estafados, pois esa é tamén a opinión de Gobernos locais, provinciais, autonómicos, organizacións políticas e sindicais, que se teñen pronunciado nos últimos meses neste sentido.

Un repaso ás hemerotecas pon de manifesto que a razón está da súa parte:

A nova directiva de NG Banco reconece que o 90% dos afectados son pequenos aforradores, e en xullo de 2012 pediu perdón por endosar estes produtos, causando tan graves problemas. Saíron á luz circulares internas da entidade que puxeron de manifesto as presións aos traballadores para a súa venda.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola súa banda, reconece que non se anticipou ao problema. O Valedor do Pobo esixe que todos os clientes mal informados recuperen os seus aforros, a Defensora do Pobo pide unha arbitraxe universal, o Fiscal Xeral de Galicia ten presentada unha demanda colectiva en defensa dos afectados, e a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo decidiu onte manter aberta a demanda por eles presentada e a de instar a Comisión Europea e ao Goberno Español para que busquen una solución que favoreza que recuperen os seus aforros a totalidade dos afectados.

E, sobre todo, é unha estafa recoñecida por máis de 15.000 laudos arbitrals, todos favorables aos estafados, e por decenas de sentenzas dos tribunais de xustiza, que obrigaron a devolver os aforros roubados aos seus clientes, anulando os contratos conseguidos a base de engano e falsificación.

O goberno español, ante esta estafa, adoptou dúas medidas, a primeira consistente en solicitar á Unión Europea un préstamo de 40.000 millóns de euros, para rescatar aos bancos autores da estafa para sanear as súas contas, e a segunda en aprobar unha quita

que pode chegar ao 70%. O resto do capital será canxeado por accións non cotizábeis, o que suporá perdelo todo.

O Consello de Ministros aprobou o Real Decreto Lei 6/2013 o 22 de marzo, e este foi convalidado polo Congreso dos Deputados con data 11 de abril de 2013. Amparado nesta nova normativa, o FROB vai tratar de executar nos próximos días o que entende como un roubo dos aforros de miles de persoas galegas estafadas por Novagalicia Banco.

A seguir, repasa o Sr. Palacio o que fixo e non fixo o goberno municipal de Compostela a favor do colectivo:

En setembro de 2012 impediu o acceso ao pleno a persoas que vestiran a camiseta violeta da Plataforma.

En decembro de 2012 non atendeu ás demandas que se espuxeron aos grupos municipais durante o peche simbólico que realizaron no Concello, impedíuselles o acceso ao salón de plenos a algúns membros da plataforma, e impedíuse co voto de calidade do Sr. Alcalde que se debatise unha moción de apoio ao colectivo presentada polo grupo municipal do BNG.

Ignoráronse de novo as súas peticións na reunión mantida co Sr. Currás ao día seguinte, na que o sr. Alcalde unicamente se comprometeu a “estudar a celebración dun pleno” no que se tratara a súa problemática, ante a petición do colectivo de que o convocara.

Nos plenos municipais de xaneiro e febreiro impedíuse de novo o acceso ao Salón de Plenos a persoas afectadas e membros da Plataforma, mediante valados e controis de acceso pola Policía Municipal.

No pleno municipal do 21 de marzo aprobouse por unanimidade un acordo “para dar solución aos afectados das participacións preferentes e obrigas subordinadas”, a partir dunha proposta da Plataforma de Afectados á que representa o sr. Palacio, posteriormente modificada e consensuada polos tres grupos municipais.

Xusto é dicir que este acordo xurdiu á raíz dunha iniciativa da Tenente de Alcalde, coa que se reuniron o 15 de marzo, reunión na que se lles propuxo inicialmente un texto de apoio, que consideraron insuficiente.

Congratúlase o Sr. Palacio de que se chegara a este acordo que propón a adopción de catro medidas concretas para dar solución á problemática dos afectados, e agradece aos tres grupos municipais o seu apoio unánime

Expón seguidamente o interviniente o que a asociación de afectados espera desta Corporación Municipal e do seu goberno, e en primeiro lugar di que lle gustaría coñecer de primeira man as xestións que se teñen realizado ao respecto do mencionado acordo. Así se lle comunicou á Tenente de Alcalde o día 5 de abril, pedíndolle ao respecto unha xuntanza na data que propuxera, sen que ata este momento obtiveran resposta.

En segundo lugar, pide un maior compromiso de toda a corporación municipal coa efectividade dos acordos, e que se vele por que se executen. Considera que un acordo que establece literalmente como obxectivo principal “a recuperación do 100% dos aforros para todos os afectados nesta estafa”, non pode quedar nunha mera declaración de intencións para saír do paso, sen que despois se obteñan resultados concretos.

Por todo o anterior solicita ao Sr. Alcalde que se convoque un Pleno extraordinario sobre a problemática do colectivo, pedindo encarecidamente que dito pleno se celebre nun local con aforo suficiente que permita a asistencia do maior número posible de afectados e afectadas, por exemplo, un auditorio ou pavillón municipal.

Por último, pide a toda a corporación, e especialmente ao Sr. Currás, na súa condición de alcalde da capital de Galicia, que se comprometan e impliquen coa súa causa, que estean do seu lado e os apoiem nas súas xustas demandas e reivindicacións, e que coas súas actuacións e co sentido do seu voto non dificulten ou impidan que consigan a recuperación do 100% dos aforros.

Remata a súa intervención o Sr. Palacio afirmando que os Afectados da Plataforma de Compostela, en definitiva, non se poden sentir representados por cargos políticos electos que, valéndose dos votos acadados, os utilizan para avalar e xustificar unha estafa e un roubo dos seus aforros, xa que isto os convertería en cómplices do expolio.

Diante da intención reiterada dun dos membros da plataforma de intervir unha vez rematada a exposición do Sr. Palacios, o Sr. Alcalde orde a policía local desaloxar a sala.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE MARZO DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 21 de marzo de 2013 (acta núm. 4/2013).

2. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) NO ÁMBITO DO P-40. ROCHA.

O proxecto, presentado pola sociedade PROMOCIONES ROX 98 S.L. e redactado por “CP. ARQUITECTURA Y URBANISMO S.L.” ten por obxecto modificar puntualmente as determinacións do vixente plan xeral de ordenación municipal no que atinxe á delimitación do polígono de solo urbano non consolidado número 40 (Rocha-Rúa do Churruchao) e da reserva local de equipamento sociocultural contigua (SC-34). O proxecto foi presentado pola promotora a resultas dun requirimento efectuado polo Concello en maio de 2010 con ocasión da tramitación dun estudo de detalle promovido por aquela para a ordenación do polígono 40.

O informe que sobre o proxecto emitiu o arquitecto xefe do servizo de planeamento e xestión urbanística o pasado día 15 de abril indica literalmente o seguinte:

“IGNACIO SOTO GONZALEZ, arquitecto xefe do Servizo de Planeamento e Xestión, en relación coa solicitude realizada por D. José Antonio Suárez, en representación de ROX 98, S.L., con rexistro de entrada número 14.933, en relación co proxecto reformado de Modificación puntual del Plan xeral de ordenación urbana (PXOM) de Santiago de Compostela (P.40 A Rocha), emite o seguinte informe:

1. ANTECEDENTES

Os terreos aos que se refire este expediente están recollidos polo vixente PXOM (coas variacións ás que se refire a presente Modificación) como un polígono de solo urbano non consolidado coas seguintes especificacións:

P.40. A ROCHA

Con esta actuación preténdese a solución do bordo posterior da dotación sociocultural existente, coa posibilidade de xerar un acceso peonil desde a rúa do Veado ó espazo de nova urbanización.

Parámetros:

- | | |
|---------------------------|--|
| - Superficie total: | 3.728 m ² |
| - Edificabilidade máxima: | 0,50 m ² /m ² |
| - Usos previstos: | vivenda unifamiliar e usos complementarios |
| - Aproveitamento tipo: | 0,5000 |
| - Uso característico: | vivenda unifamiliar |
| - Altura máxima: | B+1. |
| - Fondo máximo: | 12 m. |

Dotacións:

- Viario Público: indicado en planos
- Prazas de aparcamento públicas en superficie: 18

Realizarase un estudo de detalle que reaxuste as aliñacións e rasantes establecidas nos planos de ordenación e produza a ordenación dos volumes edificadas. En relación á regulación pormenorizada de usos principais e compatibles e nos demais aspectos non contemplados, estarase ao disposto na ordenanza 5 de vivenda unifamiliar en ringleira.

Para os efectos de xestión o ámbito constitúe un polígono de execución en solo urbano non consolidado.

Con data 15 de xaneiro de 2010, D. José Antonio Suárez (en representación de ROX 98, S.L.) presenta o documento nomeado PROYECTO DE PARCELACIÓN Y ESTUDIO DE DETALLE DE LA FINCA "A ROCHA" que tralos correspondentes informes da Sección de Cartografía, do arquitecto xefe do Servizo de Planeamento e Xestión e da xefa da Sección de Xestión Urbanística dá lugar a comunicación ao promotor da Providencia, con rexistro de saída do 11 de maio do 2010, que deseguido se reproduce (expediente PLA 2/2010):

O 7 de maio de 2010 a concelleira delegada de Urbanismo ditou a providencia que deseguido se transcribe:

"1. Con data 7 de maio de 2010, a xefa da Sección de Xestión Urbanística emitiu informe co seguinte teor literal:

O proxecto de referencia formúlase por iniciativa particular da mercantil ROX 98, S.L., en cumprimento do esixido polo Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), que remite a un Estudo de detalle a ordenación pormenorizada do polígono de solo urbano non consolidado nº 40, sito na confluencia das rúas do Veado e Churruchao, e lindante co Centro Sociocultural da Rocha Vella.

Sobre o proxecto presentado, con data 15 de xaneiro de 2010, emitiron informe técnico as Seccións Municipais de Cartografía e SIT e de Planeamento, con datas 8 e 27 de abril, respectivamente.

Dos informes emitidos procede extraer as seguintes conclusións:

- O proxecto deberá presentarse sobre a base cartográfica oficial do Concello, que xa foi facilitada ós técnicos redactores.

- Para a execución da ordenación proposta e, dada a clasificación do ámbito como solo urbano non consolidado, será precisa a tramitación dun instrumento de equidistribución, co contido e determinacións legal e regulamentariamente esixidas (cesión de aproveitamento ó Concello, cesión de terreos dotacionais, reparto de gastos de urbanización, etc.). En consecuencia, non procede a aprobación do proxecto de parcelación que acompaña ó Estudo de detalle presentado, que deberá substituírse polo correspondente proxecto de equidistribución.

- O trazado viario proposto non cumpre as determinacións do Plan xeral, xa que reduce a sección total prevista, de 16 a 14 metros. Por outra banda, as beirarrúas proxectadas, cunha anchura de 1,5 metros, non acadan a dimensión precisa para garantir a súa funcionalidade.

- A fin de respectar os criterios de ordenación do polígono fixados polo Plan xeral, deberá garantirse a accesibilidade peonil á nova urbanización dende a rúa do Veado.

- O proxecto presentado non resolve axeitadamente a integración da nova edificación e da urbanización no seu contorno, no que existen elementos catalogados, polo que non se dá cumprimento ó esixido polo artigo 172 da normativa do Plan xeral. En particular, bótase en falta un tratamento axeitado do espazo público resultante, que reforce o seu carácter peonil e a súa integración no núcleo, evitando a súa configuración como unha mera vía de acceso rodado de servizo ás edificacións proxectadas.

Ademais das cuestións sinaladas, que esixirían a emenda ou reforma da documentación presentada, o informe asinado polo arquitecto-xefe do Servizo de Planeamento e Xestión apunta a necesidade de abordar, previamente á tramitación do Estudo de detalle, a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal no ámbito dos terreos afectados, cos seguintes obxectivos:

- Axustar a delimitación e conseguinte cualificación da reserva dotacional (SC-34), a fin de facela coincidir co solo efectivamente ocupado pola dotación pública existente (Centro Sociocultural da Rocha e acceso ó mesmo).

- Modificar a delimitación do polígono co obxecto de excluír a dotación pública existente, e integrar nel o resto do predio matriz, de titularidade privada, non segregado no seu día nin afecto ó uso dotacional.

- Definir criterios de ordenación que aseguren a efectiva integración da nova edificación e urbanización no seu contorno, de conformidade co esixido polo artigo 172 da normativa do Plan xeral.

En consecuencia, procede que, con carácter previo á aprobación do Estudo de detalle, se inicie o procedemento de Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal cos obxectivos indicados, podendo incluírse nel a ordenación detallada do polígono segundo os criterios que para o efecto se sinalen.

Con base no exposto, proponse:

- Requirir da mercantil ROX 98, S.L., en canto propietaria dos terreos afectados e promotora do Estudo de detalle do polígono 40, a presentación da documentación precisa para a elaboración dun proxecto de modificación do Plan xeral de ordenación urbana cos obxectivos que se sinalan non informes emitidos polos servizos técnicos municipais".

2. Ó abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local e a Lei 4/2004, do 28 de xuño, do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na lexislación estatal anteriormente sinalada, o alcalde é competente para ditar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124.5 da Lei 7/1985 na redacción dada pola Lei 57/2003, por decreto de data 29 de xaneiro de 2007, o alcalde delega na concelleira que asina a competencia para a resolución que se interesa.

3. Visto o exposto nos parágrafos anteriores,

RESOLVO

- Requirir da mercantil ROX 98, S.L., en canto propietaria dos terreos afectados e promotora do Estudo de detalle do polígono 40, a presentación da documentación precisa para a elaboración dun proxecto de modificación do Plan xeral de ordenación urbana cos obxectivos que se sinalan non informes emitidos polos servizos técnicos municipais."

Froito do devandito requirimento con data 20 de xuño de 2011 o promotor presenta un documento nomeado MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (P-40 "A ROCHA") Y ORDENACIÓN PORMENORIZADA.

Con data 28 de setembro de 2011 e conforme ao requirimento realizado polo Concello preséntase documento de inicio para someter a Modificación puntual ao trámite de avaliación ambiental estratéxica conforme ao artigo 84 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), ao tratarse dunha modificación puntual de Plan xeral.

Con data 16 de maio 2012 notifícase ao Concello pola Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental a decisión de non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica da Modificación puntual do PXOM no ámbito do polígono P-40-A Rocha, así como os informes de Augas de Galicia e da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes de non existencia de incidencia sobre bens baixo a súa tutela ou xestión.

Con data 15 de marzo de 2012, D.Santiago Cruz Barreiro e D. José Antonio Suárez Sánchez presenta proxecto reformado da Modificación puntual del PXOM de Santiago de Compostela (P40-A Rocha), así como a súa ordenación pormenorizada.

2. ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

*** A Modificación puntual**

O PXOM, ó delimitar o sector P.40 - A Rocha, inclúe no ámbito unha pequena parcela situada ao norte do Centro Social da Rocha (126,68 m² aproximadamente) que está destinada e entregada ao acceso do devandito Centro Social (e que foi alleada ao anterior propietario ao actual promotor da Modificación puntual) e que non está cualificada como equipamento polo PXOM vixente. A titularidade desta parcela é da Deputación Provincial que ten cedido o seu uso ao Concello de Santiago de Compostela xunto coa edificación rehabilitada para o uso de Centro Social.

A referida parcela, segundo o PXOM, sería ocupada en parte polas parcelas resultantes do polígono e en parte por unha franxa de acceso peonil entre o vial do Veado e o espazo público de nova creación ó interior do Polígono.

Por outra banda o PXOM cualifica de equipamento un resto da parcela matriz do promotor situada ao leste do equipamento existente e que na actualidade non ten uso definido, pero que queda fóra do polígono.

Nesta situación o máis axeitado parece reconsiderar a delimitación do polígono que fai o PXOM excluindo a subparcela norte que xa é da Deputación Provincial e que forma parte unitaria, funcional e catastralmente do Centro Social, incluíndo a subparcela situada ao leste deste, cualificando a primeira de equipamento e descualificando a segunda deste destino que nin funcional nin catastralmente ten vocación de formar parte do devandito equipamento.

A proposta da Modificación puntual tenta resolver estes dous problemas, evitando ocupar a primeira subparcela (anteriormente parte da parcela matriz e hoxe de titularidade da Deputación Provincial da Coruña que ten cedido o uso ao Concello de Santiago), manténdoa dentro do ámbito do polígono como o fai o PXOM. O segundo

problema resólvese destinándose a equipamento xa existente a subparcela que trata a Modificación puntual como externa ao polígono tal e como sinala o PXOM.

Con data 5 de xullo de 2011 foi emitido informe do xefe da Sección de Cartografía en sentido favorable, aínda que con algúns matices, o que se lle notificou ao promotor cos planos correspondentes. No entanto, con data 12 de abril, a citada Sección emitiu un informe favorable ao documento presentado polo promotor con data 15 de marzo de 2013.

A Modificación proposta inclúe como solo urbano consolidado e exclúe, polo tanto, do polígono NC-P-40, a parte de patio de entrada do Centro Sociocultural, cualificando ese anaco de terreo duns 132 m² como equipamento público SC-34, tal e como xa está na realidade. Este cambio figura na documentación gráfica presentada nos planos de ordenación da proposta. Ao igual que a inclusión no polígono dun anaco equivalente exterior ao muro que define a finca do SC-34 que pasaría de solo urbano consolidado a solo urbano non consolidado, sen cualificación de equipamento ao ser substituída esta pola dada ao anaco anterior.

Os obxectivos da modificación puntual serán pois:

- Axustar a delimitación e conseguinte cualificación da reserva dotacional (SC-34), co fin de facela coincidir co chan efectivamente ocupado pola dotación pública existente (Centro Sociocultural da Rocha), en concordancia co convenio urbanístico.
- Modificar a delimitación do polígono co obxecto de excluír deste a dotación pública existente, e integrar a superficie non afectada a uso dotacional, ao resto do predio matriz.

A modificación proposta é concordante cos obxectivos fixados cos artigos 93 e 94 da LOUG en relación co 85, e o contido e a documentación que se sinalan no artigo 52 e seguintes da mesma Lei.

*** A ordenación pormenorizada**

A ordenación existente no PXOM adoece en certa medida de falta de estudo que resolva axeitadamente a integración da nova edificación e da súa urbanización con seu contorno inmediato, e máis concretamente cos seus elementos catalogados, polo que non se dá cumprimento ao esixido polo artigo 172 da normativa do Plan xeral. En particular, bótase en falta un tratamento axeitado do espazo público resultante, que reforce o seu carácter peonil e a súa integración no núcleo, evitando a súa configuración como unha mera vía de acceso rodado de servizo ás edificacións proxectadas. A mera insinuación de que o vial sen saída de nova apertura que termina abruptamente nunha liña virtual ou

peche físico sen maior continuidade. Bótase en falta unha reflexión sobre a integración desta intervención urbana no conxunto do núcleo no que se insire, optando por unha opción totalmente estándar na concepción e deseño tanto do espazo público como do privado.

Por outra parte, a conexión do novo espazo público coa rúa do Veado non aparece claramente como pública nos planos, xa que actualmente forma parte do equipamento existente e non se pon en relación co espazo intramuros do Centro Sociocultural nin coa porta existente no muro da parcela orixinal e que ten unha consideración de elemento a protexer e potenciar (ver ficha D-005 do catálogo po PXOM) e preferentemente con carácter público.

Coa ordenación detallada proposta preténdese unha proposta de ordenación na que se manteña a idea xeral básica orixinal do PXOM incidindo especialmente nunha máis axeitada e mellor integración das novas edificacións no núcleo e tamén unha mellor configuración dos espazos públicos resultantes e a súa relación cos existentes, incluída a localización das obrigadas prazas de aparcadoiro en superficie e o viario de acceso ás novas edificacións.

Proponse como nova ordenación a xeración dun pequeno espazo de relación na parte posterior da parcela, sen solución de continuidade co espazo de acceso dende a rúa do Churruchao, e con comunicación directa de maneira accesible coa rúa do Veado e o espazo intramuros do Centro Sociocultural. A nova ordenación aumenta a superficie de solo de carácter público que fixaba o Plan xeral, especialmente na parte posterior do Centro Sociocultural.

Unha única vía norte-sur con sentido diferenciado dende a rúa do Churruchao da entrada ao polígono, con calzada de 6.0 m., beirarrúas de 2.50 m., e prazas de aparcadoiro en batería e en liña a ambos os dous lados da calzada, xerando como resultado un espazo entre parcelas leste-oeste de máis de 18.00 m. de espazo público e de máis de 24.00 m. entre construcións.

Sobre este vial, que serve de acceso ás edificacións proxectadas, dispónse de 16 prazas de aparcadoiro públicas en superficie (máis dúas sobre rúa do Churruchao), 18 en total, que son as fixadas polo PXOM. As 11 vivendas distribúense de maneira que quedan no lado oeste do ámbito, 2 vivendas pareadas, e no leste, 9 vivendas encostadas distribuídas en dous bloques de maneira que o bloque posterior retrase a súa aliñación de maneira que aumente a entidade do espazo público xerado, de carácter peonil, separado do tráfico rodado e con unha relación directa de maneira física e visual co Centro Sociocultural.

*** Outras consideracións**

A nova ordenación proposta na Modificación puntual non modifica a porcentaxe de edificabilidade fixada polo PXOM, nin os usos previstos que seguirán sendo os de vivenda unifamiliar e usos complementarios, nin os parámetros urbanísticos de aplicación. Modifícase a superficie do ámbito tal e como quedou reflectido no apartado anterior

En canto ao cumprimento dos estándares mínimos aos que se refire o artigo 47 da LOUG, a Modificación puntual proposta non varía a situación que se reflicte no PXOM:

ORDENACIÓN	PXOU	PROPOSTA
SUPERFICIE TOTAL DO ÁMBITO	3.728,00 m ²	4.004,45 m ²
EDIFICABILIDADE MÁX.(m ² /m ²)	0,50 m ² /m ²	0,50 m ² /m ²
EDIFICABILIDADE (m ²)	1864,00 m ²	2.002,22 m ²
USOS PREVISTOS	VIVENDA UNIFAMILIAR E USOS COMPLEMENTARIOS	VIVENDA UNIFAMILIAR E USOS COMPLEMENTARIOS
ALTURA MÁXIMA	B+1	B+1+ALTURA POR ENCIMA DEFINIDAS NO ART. 125.6
USO CARACTERÍSTICO	VIVENDA UNIFAMILIAR	VIVENDA UNIFAMILIAR
CANTIDADE MÁX DE VIVENDAS		
SEGUNDO CONVENIO	11 VIV.	11 VIV.
FONDO MÁXIMO	12 m	12 m /13.50 m
VIARIO PÚBLICO	16 m	18 m (indicado en planos)
PAZAS DE APARCADOIRO PÚBLICO EN SUPERFICIE	18	18

Queda pendente para o proxecto de urbanización a materialización das solucións a dar aos espazos públicos nos que se priorizará a súa integración co núcleo existente, e a utilización de solucións que teñan en consideración aspectos de sustentabilidade e aforro dos bens escasos e non renovables dos que dispoñemos, así como a concreción da comunicación peonil dos novos espazos públicos creados, coa rúa de Veado, estudando a súa posible integración co actual espazo público que existe diante de Centro Sociocultural, SC-34 de xeito preferentemente accesible.

As licenzas de edificación así como o proxecto de urbanización deberá respectar as normas de protección do contorno das edificacións de interese histórico-artístico, arquitectónico e/ou ambiental catalogados por estar en colindancia co Centro Sociocultural (ficha do Catálogo do PXOM D-005 e artigo 172 da Normativa).

Respecto aos cálculos de edificabilidade estarase ao disposto no artigo 46 da LOUG.

Computaranse todas as superficies edificables de carácter lucrativo, calquera que sexa o uso ao que se destinen, incluídas as construídas no subsolo e os aproveitamentos baixo cuberta, coa única excepción das superficies construídas no subsolo con destino a

trasteiros de superficie inferior a 10 metros cadrados vinculados ás vivendas do edificio, a aparcadoiros ou a instalacións de servizo como as de calefacción, electricidade, gas ou análogas.

3. CONCLUSIÓNS

Consecuentemente a Modificación puntual presentada por D. José Antonio Suárez, en representación de ROX 98, S.L., do ámbito do polígono NC-P-40, está en condicións de ser tramitada de acordo co establecido na LOUG, nos artigos 85 e subseguintes, para a súa aprobación inicial e ao inicio do trámite de información pública.”

Pola súa banda, emitiu a xefa de sección de xestión urbanística emitiu o seguinte informe o pasado día 15 de abril:

“O proxecto de referencia formúlase ao abeiro do previsto polo artigo 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) co obxecto de producir unha modificación puntual das determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe á delimitación do polígono de solo urbano non consolidado nº40 (A Rocha - rúa do Churruchao) e da reserva local de equipamento sociocultural contigua (SC-34).

O ámbito afectado pola Modificación figura integrado polas seguintes parcelas:

1. 4754325NH3445F0001U1...(rexistral 27841).....PROMOCIONES ROX 98 SL
- 2 4754346NH3445F0001RI... (rexistral 33466).....Deputación Provincial da Coruña
3. Finca rexistral 33468.....PROMOCIONES ROX 98 SL (terreo ocupado polo Concello para a ampliación da rúa do Churruchao)

Obxecto e xustificación da Modificación

O proxecto de Modificación foi presentado pola mercantil PROMOCIONES ROX 98 SL a resultas dun requirimento efectuado polo Concello en maio de 2010 con ocasión da tramitación dun Estudo de detalle promovido pola citada sociedade para a ordenación do polígono 40.

A competencia para a formulación do planeamento xeral e das súas modificacións atópase reservada pola LOUG á administración municipal, quedando excluída da iniciativa particular, sen que polo tanto as propostas ou proxectos que se presenten polos particulares interesados poidan vincular a decisión municipal. Isto non impide que, se a administración o estima oportuno e xustificado por motivos de interese público, poida asumir a iniciativa formulada e impulsar de oficio a tramitación do proxecto presentado polos particulares.

No presente caso, a oportunidade de modificar puntualmente o Plan xeral neste ámbito foi advertida polos servizos técnicos municipais nun informe de data 7 de maio de 2010, coa finalidade de acadar concretos obxectivos de interese xeral, como de seguido se transcribe:

- *Axustar a delimitación e conseguinte cualificación da reserva dotacional (SC-34), a fin de facela coincidir co solo efectivamente ocupado pola dotación pública existente (centro sociocultural da Rocha, e acceso ao mesmo).*
- *Modificar a delimitación do polígono co obxecto de excluír a dotación pública existente, e integrar nel o resto do predio matriz, de titularidade privada, non segregado no seu día nin afecto ao uso dotacional.*
- *Definir criterios de ordenación que aseguren a efectiva integración da nova edificación e urbanización no seu contorno, de conformidade co esixido polo artigo 172 da normativa do Plan xeral.*

No requirimento dirixido á promotora concluíase a conveniencia de que *con carácter previo á aprobación do Estudo de detalle, se inicie o procedemento de Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal cos obxectivos indicados, podendo incluírse no mesmo a ordenación detallada do polígono segundo os criterios que ao efecto se sinalen.*

Planeamento vixente

O Plan xeral vixente delimita o citado polígono 40, coa condición de solo urbano non consolidado, nas confluencias das rúas do Veado e Churruchao, en terreos situados ao norte e ao leste do centro sociocultural da Rocha, que se incorpora ao sistema local de equipamento sociocultural público da cidade (SC-34).

O artigo 150 da normativa do PXOM contén as *ordenacións singulares* aplicables aos polígonos delimitados polo Plan xeral, *que se incorporarán á ordenación pormenorizada do solo urbano mediante a tramitación dun estudo de detalle, cos obxectivos, parámetros e condicións de ordenación* que ao efecto se establecen nas fichas do citado precepto. De seguido reproducécese o contido da ficha correspondente ao polígono 40:

P.40. A ROCHA

Con esta actuación preténdese a solución do bordo posterior da dotación sociocultural existente, coa posibilidade de xerar un acceso peonil desde a rúa do Veado ó espazo de nova urbanización.

Parámetros:

- Superficie total: 3.728 m²
- Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m²
- Usos previstos: vivenda unifamiliar e usos complementarios.
- Aproveitamento tipo: 0,5000
- Uso característico: vivenda unifamiliar.
- Altura máxima: B+1.
- Fondo máximo: 12 m.

Dotacións:

- Viario Público: indicado en planos.
- Prazas de aparcamento públicas en superficie: 18

Realizarase un Estudo de Detalle que reaxuste as aliñacións e rasantes establecidas nos planos de ordenación e produza a ordenación dos volumes edificados. En relación á regulación pormenorizada de usos principais e compatibles e nos demais aspectos non contemplados, estarase ao disposto na ordenanza 5 de vivenda unifamiliar en ringleira.

Para os efectos de xestión o ámbito constitúe un polígono de execución en solo urbano non consolidado.

Determinacións resultantes da Modificación proposta

1. Regularización do ámbito da delimitación do polígono 40 e da reserva de equipamento sociocultural SC-34.

A Modificación proposta ten por obxecto principal adaptar a delimitación da parcela cualificada como equipamento sociocultural (SC-34) á que foi no seu día segregada do predio matriz e transmitida á Deputación Provincial, e que figura afecta ao uso e dominio público da citada administración (centro sociocultural da Rocha).

En consecuencia, propónse cualificar a dita parcela (catastral 475436), na súa extensión total, como equipamento sociocultural, excluíndoa integramente da delimitación do

polígono 40, que se regulariza así co obxecto de evitar a afección do dominio público existente. Con esta regularización, a delimitación do polígono 40 faise coincidir exactamente coa totalidade da parcela privada (catastral 4754325), propiedade de PROMOCIONES ROX 98 S.L.

Cómpre advertir que a delimitación do polígono, tanto no vixente Plan xeral como na Modificación proposta, inclúe tamén unha franxa de terreo, de 212 m², que fora ocupada polo Concello de Santiago no ano 1996 para a ampliación da rúa do Churruchao, a resultas da cesión autorizada polo seu propietario orixinal (parcela nº 16 do proxecto de duplicación de calzada da N-550). Esta porción de solo, se ben atópase actualmente adicada a vía pública, formou parte do predio matriz adquirido pola sociedade promotora, segundo consta na documentación que se achega ao expediente (escritura pública de segregación autorizada polo notario da Coruña don Rafael Souto Vázquez no ano 2002, número 265 do seu protocolo), e constitúe hoxe unha finca rexistral independente (33.468). Polo tanto, a súa inclusión no ámbito do polígono 40 trae causa da necesidade de regularizar a situación rexistral da dita parcela, e formalizar a súa cesión ao Concello a través da aprobación do futuro proxecto de equidistribución.

2. Rectificación dos erros de medición detectados no PXOM vixente

A medición real do ámbito do polígono delimitado arroxa unha superficie total de 4004,45 m², o que supón unha diferenza de 276,45 m² respecto da considerada polo vixente PXOM (3728 m²). Porén, a medición real da superficie delimitada polo plan vixente tamén arroxa unha superficie de 4149,76 m², superior por tanto á contabilizada na ficha de características do polígono, co que se aprecia un evidente erro de medición que debe ser corrixido, coas repercusións que isto implica en canto á superficie edificable materializable no ámbito, que é o resultado de aplicar o índice 0,50 á superficie real do polígono.

En consecuencia, a Modificación reflicte o resultado da medición real do polígono delimitado (4004,45 m²) e a edificabilidade que resulta de aplicar á dita superficie o índice máximo permitido polo vixente Plan xeral (0,50), o que supón unha superficie edificable máxima de 2002,22 m²c.

Polo exposto, a Modificación proposta non supón un incremento real da superficie edificable permitida polo vixente Plan xeral, toda vez que mantén tanto a superficie real do polígono delimitado como a edificabilidade máxima que resulta de aplicar a esta superficie real o límite de intensidade (0,50) establecido polo PXOM.

Por outra banda, o PXOM vixente tamén incorre nun erro de medición da superficie cualificada como equipamento sociocultural SC-34, cuxa medición real é de 586 m², fronte aos 1047 indicados no cadro nº 24 da memoria. A Modificación proposta, se ben

axusta á delimitación da reserva dotacional á parcela que foi no seu día segregada e transmitida á Deputación Provincial, non diminua a superficie cualificada, que segue a ser de de 586 m².

3. Ordenación detallada do polígono

O proxecto de Modificación presentado contén a ordenación pormenorizada do polígono 40, evitando así a necesidade de tramitar o Estudo de detalle esixido polo artigo 150 da normativa do PXOM. Sen embargo, isto non impide a posibilidade de que a ordenación establecida polo Plan xeral poida ser adaptada mediante a aprobación dun Estudo de detalle dentro dos límites que para esta figura de planeamento sinala o artigo 73 da LOUG.

A ordenación proposta amplía significativamente as dimensións do espazo público resultante, que acada unha sección de 18 metros entre aliñacións, respectando os parámetros de intensidade de uso, altura e fondo máximo de edificación autorizados polo plan vixente.

O documento presentado obtivo o informe favorable do arquitecto Xefe do Servizo municipal de Planeamento, no que se sinalan determinadas condicións a cumprimentar con carácter previo á aprobación provisional do expediente.

Tramitación

De conformidade co disposto polo artigo 93.4 da LOUG, a Modificación haberá de tramitarse seguindo o mesmo procedemento regulado no artigo 85 para a aprobación do planeamento xeral.

No presente caso, ao non concorrer ningún dos supostos de modificación cualificada tipificados polo segundo parágrafo do precitado artigo 93.4, non resulta preceptivo obter o informe da Consellería de Medio Ambiente con carácter previo á adopción do acordo de aprobación inicial, de maneira que a administración autonómica só intervéñ no acto de aprobación definitiva do expediente.

Tampouco resulta preciso someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ao terse declarado a súa innecesiedade mediante Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 4 de maio de 2012.

Proposta de aprobación inicial

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal no ámbito do polígono 40 (Rocha Vella - rúa do Churruchao), segundo o proxecto presentado por ROX 98 S.L o 15 de marzo de 2013.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública durante o prazo de dous meses**, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes.

Durante o trámite de información pública, solicitarase o informe do **director xeral do Patrimonio Cultural**, sobre posibles afeccións ao elemento catalogado D-005.

Como **condición para a aprobación provisional** cumprimentaranse as indicacións sinaladas no informe asinado polo arquitecto Xefe do Servizo municipal de Planeamento.

c) A aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do disposto polo artigo 77.2 da LOUG, a **suspensión do outorgamento das licenzas** que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.”

Figura tamén no expediente un informe complementario do anterior, da xefa de sección de xestión urbanística, do día 17 de abril, e o preceptivo da secretaría xeral do Pleno do día 16 de abril de 2013. Por último, con data de hoxe emítese novo informe pola xefa de sección de xestión urbanística no que fai constar a existencia dun erro no documento presentado, que afecta ao fondo máximo permitido nas vivendas proxectadas ao oeste do vial de nova apertura, que é de 13,50 metros.

Dona María Pardo inicia a súa intervención dando a benvinda ao novo compañeiro de corporación D. José Rosende. Logo pasa a explicar que o proxecto de modificación do que trata este asunto foi presentado pola mercantil Promociones Rox 98, SL, a resultas

dun requirimento efectuado polo Concello en maio de 2010, con ocasión da tramitación dun estudo de detalle promovido pola citada sociedade para a ordenación do Polígono núm. 40.

A oportunidade de modificar puntualmente o Plan Xeral neste ámbito foi advertida polos servizos técnicos municipais nun informe de data 7 de maio de 2010, coa finalidade de acadar uns obxectivos concretos de interese xeral, como son os seguintes:

-Axustar a delimitación e conseguinte cualificación da reserva dotacional SC-34 aos límites de facela coincidir co solo efectivamente ocupado pola dotación pública existente, que é o centro socio cultural da Rocha e o acceso ao mesmo.

-Modificar a delimitación do Polígono co obxecto de excluír a dotación pública existente e integrar nel o resto do predio matriz de titularidade privada, non segregado no seu día, nin afecto a uso dotacional.

-Por último, definir criterios de ordenación que aseguren a efectiva integración da nova edificación e urbanización no seu entorno, de conformidade co esixido polo artigo 172 da normativa do Plan Xeral.

O Plan Xeral vixente delimita o citado polígono 40 coa condición de solo urbano non consolidado, nas confluencias das rúas do Veado e Churruchao, con terreos situados ao norte e ao leste do centro socio cultural da Rocha, que se incorpora así ao sistema local de equipamentos socio culturais públicos da cidade SC-34.

A modificación proposta ten por obxecto principal adaptar a delimitación da parcela cualificada como de equipamento sociocultural, que no seu día foi segregada do predio matriz e transmitida á Deputación Provincial, e que figura afectada ao uso e dominio público da citada administración, o centro sociocultural da Rocha.

En consecuencia, se propón cualificar dita parcela na súa extensión total como equipamento sociocultural, excluíndoa integramente da delimitación do polígono 40, que se regulariza así co obxecto de evitar a afección de dominio público existente. Con esta regularización, a delimitación do polígono SC-40 faise coincidir exactamente coa totalidade da parcela privada propiedade de Promociones Rox 98, corrixindo o erro en canto á delimitación de ambas parcelas. Aproveitando a solución deste erro, o Concello decatouse de que a ordenación adoeía dun estudo que resolvería dunha forma axeitada a integración da nova edificación na urbanización e no seu entorno inmediato, polo que non se daba cumprimento ao esixido polo artigo 172 da normativa do Plan Xeral.

En particular, botábase en falta un tratamento axeitado do espazo público resultante que reforce o seu carácter peonil e a súa integración no núcleo, evitando a configuración

como unha mera vía de acceso rodado ao servizo das edificacións proxectadas, un vial de nova apertura sen saída que termina abruptamente nunha liña virtual, un peche físico sen maior continuidade.

Botábase tamén en falta unha reflexión sobre a integración desta intervención urbana no conxunto do núcleo no que se inclúe, optando por unha solución totalmente estándar na concepción e deseño, tanto de espazo público como do privado, e se propón como nova ordenación a xeración dun pequeno espazo dunha praza, na parte posterior da parcela, sen solución de continuidade co espazo de acceso dende a rúa Churruchao e cunha comunicación directa de maneira accesible coa rúa do Veado ou espazo entremuros do centro sociocultural.

A nova ordenación aumenta a superficie de solo de carácter público que fixaba o plan xeral, especialmente, na parte posterior do centro sociocultural, e por conseguinte a calidade de vida das persoas do entorno. A solución adoptada supón unha única vía norte-sur con sentido diferenciado dende a rúa Churruchao, de entrada ao polígono, con calzada de seis metros, beirarrúas de dous e medio, e prazas de aparcamento en batería e en liña en ambos lados da calzada, xerando como resultado un espazo entre parcelas leste-oeste, de máis de dezaioito metros de espazo público e máis de vinte e catro entre construcións.

Sobre este vial que serve de acceso ás edificacións proxectadas, se dispón de dezaseis prazas de aparcamento públicas en superficie, máis dúas na rúa Churruchao, dezaioito en total, que son as fixadas polo plan xeral. As once vivendas se distribúen de maneira que quedan no lado oeste do ámbito dúas vivendas pareadas, e no leste nove vivendas, distribuídas en dous bloques, de maneira que o bloque posterior retrae a súa aliñación e aumenta a entidade de espazo público xerado e de carácter peonil separado do tráfico rodado e cunha relación directa de maneira física e visual co centro sociocultural.

Don Rubén Cela di que o grupo municipal do BNG xa manifestou no seo da Comisión de urbanismo a súa coincidencia con algún dos obxectivos que se buscan con esta actuación. É unha regularización, como xa apuntou a Sra. Pardo, que corrixe un erro material, e ademais a solución final facilita unha nova entrada, mellora a accesibilidade do propio centro sociocultural da Rocha, e en calquera caso crea un espazo entorno a esa nova praza pública que será, dende logo, moi positiva para os veciños e veciñas da Rocha, razóns que levan ó seu grupo a votar favorablemente á proposta.

Dona Mercedes Rosón, pola súa banda, adianta que o grupo municipal socialista tamén vai votar favorablemente a esta proposta de modificación puntual do plan xeral, que como ben di o informe xurídico e a proposta da propia concelleira, se produce como consecuencia dun requirimento que o servizo de planeamento fixo á promotora en maio de 2010, para arranxar todos os problemas da configuración do espazo, como o deseño

dunha rúa sen saída, que con esta proposta de modificación quedan solventados, o que permitirá que os novos espazos públicos sexan disfrutados polos veciños. A ordenación actual mellora considerablemente a anterior, e con ela, no corazón do núcleo tradicional da Rocha Vella, consolídase unha zona que levaba moitos anos baldía, razón que leva ó seu grupo a apoiar a proposta.

Xa que logo, de conformidade cos informes da sección municipal de xestión urbanística, do servizo de planeamento, e da Secretaría do Pleno, a proposta da concelleira-delegada de Urbanismo e Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica do día de hoxe, e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo e Vivenda Rehabilitación e Cidade Histórica, correspondente á súa reunión do día 18 deste mes, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade, polo tanto co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros, de conformidade co que dispón o artigo 123.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

a) Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal no ámbito do polígono 40 (Rocha Vella- Rúa do Churruchao) segundo o proxecto presentado por ROX 98 S.L. o día 15 de marzo de 2013, ó que se lle introducen as seguintes modificacións:

- Substituíronse as páxinas 13 e 16 e engadiuse diversa documentación complementaria, segundo o indicado no informe xurídico emitido con data 17 de abril.

- Rectifícase o erro detectado no plano de ordenación resultante -incluído no anexo 4- en canto ao acotamento do fondo das vivendas proxectadas na beira oeste do vial de nova apertura, cuxo fondo é de 13,50 metros, de acordo co informe xurídico asinado o día 25 de abril de 2013..

b) Someter o acordo a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia, e en dous xornais dos de maior difusión na provincia. Durante o citado período, o expediente estará a disposición de calquera persoa que desexe examinalo ao obxecto da presentación das alegacións que se estimen pertinentes.

c) Dar audiencia aos Concellos limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e recabar ás administracións públicas competentes os seguintes informes sectoriais previstos pola lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre posibles afeccións ao elemento catalogado D-005.

O presente acordo determina automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM E DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO (PE-1) NA RÚA SAN MIGUEL DOS AGROS, 5.

De conformidade co informe da sección municipal de planeamento, do pasado día 12, a proposta da concelleira-delegada de Urbanismo e Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica de data 16 de abril, e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo e Vivenda Rehabilitación e Cidade Histórica, correspondente á súa reunión do día 18 deste mes, o Pleno da Corporación toma coñecemento:

* Da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 14 de marzo de 2013 -publicada no DOG de 2 de abril de 2013- pola que se aproba definitivamente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica no inmovible sito no número 5 da rúa San Miguel dos Agros.

* Da publicación da normativa urbanística aprobada, no Boletín Oficial da Provincia do día 15 de abril de 2013, o que determina a súa entrada en vigor.

4. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS, E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2012.

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 31 de xaneiro de 2013 aprobou inicialmente a modificación do cadro de persoal para o ano 2012, o que se someteu á información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do día 20 de febreiro de 2013.

No período de exposición ó público presentaron alegacións os seguintes interesados:

* D. Ramón Villalibre Fernández, en representación da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF), en escrito presentado o día 8 de marzo de 2013, número de rexistro de entrada 13860.

* D. Iñaki Bilbao Castro, en escrito presentado o día 9 de marzo de 2013, número de rexistro de entrada 13893.

*D. Francisco Xavier Picón Picallos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega, en escrito presentado o día 9 de marzo de 2013, número de rexistro de entrada 13895.

As alegacións foron obxecto do informe que a seguir se transcribe, emitido polo Sr. Director da asesoría xurídica o día 8 deste mes de abril:

“ASUNTO: ALEGACIONES Ó ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE 31 DE XANEIRO DE 2013 POLO QUE SE APROBOU INICIALMENTE A MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO ANO 2012.

Juan Manuel Salguero de Valle, Funcionario con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala de Secretaría, Categoría Superior, en cumprimento do disposto no art. 3 do Real Decreto 1174/87, de 18 de Setembro, polo que se aproba o Regulamento Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal, o art. 54 do Real Decreto Lexislativo 781/86, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local e o art. 173 do Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emito o seguinte:

INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO:

I

Durante o trámite do exposición ó público do expediente de modificación do cadro de persoal do ano 2012 (acordo do Pleno de 31 de xaneiro de 2013) preséntase as seguintes alegacións:

- ALEGACIONES CSIF (08/03/2013) N° DE REXISTRO 13.860

Entenden que é ilegal a modificación da plantilla de persoal por estes motivos:

1º Va contra o dereito da carreira profesional e a promoción persoal amparadas no artigo 16.1 do EBEP.

2º É contrario ao artigo 55 do EBEP o acceso a función pública dos traballadores de EMUVISSA por non respectarse aos principios de publicidade, mérito e capacidade.

3º Entenden que non cabe a subrogación prevista no artigo 44 do ET posto que os traballadores de EMUVISSA están realizando outras funcións.

4º Menciónase por analogía o Decreto 129/2012, aplicable ao persoal da Xunta de Galicia non á Administración Local.

- ALEGACIÓNS CIGA (09/03/2013) Nº DE REXISTRO 13.895

Non están de acordo coa modificación da plantilla por :

1º Arbitrariedade e ausencia de motivación necesaria por limitar dereitos subxectivos ao coartar a promoción da carreira profesional sendo contrario ao disposto na Disposición Adicional 4º que prevía a transformación progresiva da escala de auxiliar na escala administrativa.

2º Incumpre o Acordo regulador/convenio colectivo na súa Disposición adicional 4º e o artigo 38.12 do EBEP que garante o cumprimento dos pactos e acordos salvo por causas graves de interese público.

3º Extemporaneidade do acordo (31/01/2013), co orzamento do ano 2012 esgotado polo que tería efectos no ano 2013 entendendo que a dotación orzamentaria para acoller aos traballadores de EMUVISSA podería facerse por outras vías sen necesidade de afectar aos traballadores da escala auxiliar.

- ALEGACIÓNS IÑAKI BILBAO CASTRO (09/03/2013) Nº DE REXISTRO 13.893

Manifesta non estar de acordo coa integración do persoal de EMUVISSA e na modificación da plantilla por estes motivos:

1º Non está de acordo co procedemento de integración coa formalización do contrato de traballo con data de 01/01/2013 antes da modificación do cadro de persoal e da Relación de postos de traballo.

2º Non existe subrogación dos traballadores de EMUVISSA por vía do artigo 44 ET posto que están realizando outras tarefas en áreas que non teñen que ver con urbanismo. O que ocorreu foi a desaparición da empresa por falta de obxecto pola paralización da actividade urbanística, polo que o correcto sería o despedido dos traballadores de EMUVISSA.

3º A integración do persoal de EMUVISSA va contra os principios de publicidade, mérito e capacidade.

4º Non resulta adecuada a aplicación analóxica do Decreto 129/2012, aplicable á Administración da Xunta.

5º A integración va contra a taxa de reposición de efectivos da Administración.

6º Prodúcese unha vulneración dos dereitos da carreira profesional dos funcionarios.

7º Non existe motivos económicos para a integración do persoal de EMUVISSA posto que podería acollerse a exención do IVE.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Poderíamos agrupar as cuestións alegadas en dous grandes grupos:

Uns referidos a integración do persoal de EMUVISSA e outros referidos a supresión dos postos de administrativos.

I

RESPECTO DA INTEGRACIÓN DO PERSOAL DE EMUVISSA NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO:

SUBROGACIÓN.- Opera por aplicación do artigo **44 do ET** segundo o cal : “*O cambio de titularidade dunha empresa... non extinguirá por si mesma a relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigas laborais e de seguridade social que o anterior...*”.

A este respecto non sería necesario nin sequera acordo de integración do persoal dado que este operaría “ope legis”; a necesidade de aplicación do convenio colectivo do Concello a este persoal ao obxecto de dotalo de cobertura orzamentaria foi o que motivou a formalización do contrato de traballo onde simplemente consta a realización de funcións da súa categoría e posterior integración no cadro de persoal.

Cabe dicir que o feito que parte do persoal está adscrita a unhas áreas que non se refiren a urbanismo ou incluso dentro de urbanismo realizan funcións distintas que as propias de EMUVISSA non significa que non estean dedicados as tarefas propias e relacionadas coa actividade da empresa extinguida senón que por razóns de economía e utilidade están colaborando co persoal do Concello mentres e ata que se definan nas relacións de postos de traballo as súas funcións. Non sería de recibo a contratación de persoal externo ou de servizos para a realización de tarefas que pode realizar este persoal.

Neste respecto a modificación da plantilla ten un marcado carácter orzamentario. Se trata de coordinar a estrutura da función pública coas decisións orzamentarias. Inclúen todos os postos de traballo da Administración pola cal é necesario modificar o cadro para ter en conta aos traballadores subrogados. En definitiva, supón a estimación do custo económico anual de todos e cada un dos postos de traballo da Administración, dentro dos cales existe a obriga legal de ter en conta aos traballadores de EMUVISSA.

As Relacións de Posto de traballo ten un contido máis amplo posto que por medio do mesmo se realiza a ordenación do persoal e se precisa os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo; debendo conter a denominación e características esenciais de cada posto de traballo.

Así pois determinar que coa modificación da plantilla ou cadro de persoal, supón que os traballadores de EMUVISSA están usurpando funcións propias de funcionarios de carreira están confundindo a modificación do cadro coas relacións de postos de traballo.

PERSOAL LABORAL FIXO.- O artigo 9.5 do Convenio Colectivo do Persoal ao Servizo do Concello de Santiago 2009-2012 publicado no BOP nº 22 de A Coruña o 3 de febreiro de 2010, establece no seu apartado primeiro que:

1. É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polo Concello. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal:

a) *É persoal laboral fixo* o que, en virtude de contrato de natureza laboral está vinculado ao Concello de Santiago mediante unha relación profesional de carácter permanente.

b) *É persoal laboral indefinido* aquel vinculado co Concello con contrato non suxeito a termo que ocupa un posto de traballo en virtude de resolución xudicial, ata tanto non sexa cuberto polo procedemento regulamentario.

c) *É persoal laboral temporal* o que, en virtude dun contrato de traballo de natureza laboral e de duración determinada, manteña unha relación profesional de carácter temporal.

A integración do persoal de EMUVISSA ao Concello de Santiago non opera en virtude de resolución xudicial que converte en indefinido contratos laborais temporais concatenados realizados en fraude de lei en canto que superan o tempo establecido en eles, razón pola que se consideran como persoal laboral indefinido ou en outros termos indefinido non fixo e como consecuencia ocupan un posto de traballo ata tanto non sexa cuberto polo procedemento regulamentario, tendo como consecuencia a súa posibilidade de extinción de contrato de traballo sen indemnización.

A integración do persoal opera como consecuencia do acordo de cesión global do activo e pasivo de EMUVISSA (entidade cedente) a favor do seu socio único o Concello de Santiago de Compostela (entidade cesionaria) aprobado pola Xunta Xeral da sociedade (integrante polas mesmas persoas que o Pleno da Corporación) de data de 12 de novembro de 2012, sendo aceptada esa cesión por acordo do Pleno do Concello de data de 26 de decembro de 2012.

Cabe aclarar que non operou primeiro a extinción da sociedade e despois tivo lugar a cesión senón que tivo lugar primeiro a cesión, depositando o Proxecto de cesión aprobado polos administradores no Rexistro Mercantil con carácter previo a disolución de EMUVISSA. Ademais, non cabe confundir disolución coa extinción da sociedade que so tivo lugar coa inscrición do acordo de cesión global no Rexistro Mercantil. Así o **artigo 81 da lei 3/2009 de modificacións estruturais de sociedade mercantís** di: “ 1. Unha sociedade inscrita poderá transmitir en bloque todo o seu patrimonio por sucesión universal, a un ou varios socios ou terceiros, a cambio dunha contraprestación que non poderá consistir en accións, participacións ou cotas de socio do cesionario.

2. A sociedade cedente quedará extinguida se a contraprestación fose recibida total e directamente polos socios. En todo caso, a contraprestación que reciba cada socio deberá respectar as normas aplicables á cota de liquidación.

E segundo o **artigo 89.2** da mesma lei:”A eficacia da cesión global producirase coa inscrición no Rexistro Mercantil da sociedade cedente. Se a sociedade se extinguiura como consecuencia da cesión, cancelaranse os seus asentos rexistrais.”

Co respecto do procedemento de selección tivo lugar coa intervención de persoal cualificado (no caso de arquitectos dun arquitecto municipal; do licenciado en dereito, dun técnico de Administración xeral ...) sen que o feito de que non existise un temario preestablecido poida considerarse como invalidante do principio de capacidade.

NON APLICACIÓN DO DECRETO 129/2012.-

O Decreto é aplicable directamente ao persoal da Xunta; por isto é polo que se fala de aplicación analóxica, xa que segundo o artigo 4.1 do Código civil : “Procederá a aplicación analóxica das normas cando estas no contemplan un suposto específico, pero regulen outro semellante entre os que se aprecie identidade de razón.”

NON APLICACIÓN DA TASA DE EFECTIVOS.-

Durante o ano 2012 non se contratou persoal ningún en EMUVISSA, polo que non pode dicirse que non se cumprirá coa taxa de reposición de persoal cero.

CAUSAS ECONÓMICAS.-

O artigo 7.8 da lei 37/1992, do IVE , entende como operacións non suxeitas ao IVE 8º *As entregas de bens e prestacións de servizos realizadas directamente polos entes públicos sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria.*

O disposto no parágrafo anterior non se aplicará cando os referidos entes actúen por medio de empresa pública, privada, mixta ou, en xeral, de empresas mercantís.

A Consulta nº V1710/2006 que menciona o recorrente refírese a unha empresa municipal que ten por obxecto a limpeza de colexios públicos, as dependencias municipais e a xestión da residencia de maiores do municipio. Os seus servizos préstaos exclusivamente a devandito Concello, recibindo por iso subvencións de explotación para cubrir o importe dos gastos de funcionamento. Así para que teña lugar esa exención do IVE por operacións internas entre Concello e entidade instrumental requírese segundo a Consulta mencionada estes requisitos:

1º. A creación da sociedade consultante haxa ter lugar ao amparo do disposto polo artigo 85.2 da Lei 7/1985, como sociedade mercantil local para a xestión directa do servizo público.

2º. O seu capital sexa propiedade íntegra do Ente territorial, quen, en consecuencia, gobernará en todo momento o seu proceso de toma de decisións.

3º. Teña por único e exclusivo destinatario dos bens que entregan ou servizos que prestan ao Ente local que a creou.

4º. O seu financiamento lévese a cabo a través da correspondente consignación nos orzamentos da entidade local ou a través da oportuna dotación regular de fondos para atender ao desenvolvemento do obxecto que teña encomendado.

5º. Non haxa risco algún de distorsión da competencia que se poida derivar do tratamento que se sinala nesta contestación.

No caso de EMUVISSA se trata dunha sociedade de “mercado” que opera con terceiros e que o seu financiamento non dependía da consignación de fondos do Concello, conseguindo o seu patrimonio principalmente como consecuencia de expropiacións urbanísticas, comprando e vendendo parcelas ou a través de cotas de urbanización que pagaban terceiros –propietarios de terreos-.

A contraprestación do Concello sería o capital social que é de 512.062,31 € Respecto do patrimonio de EMUVISSA está valorada en 39.082.267,56 € segundo o derradeiro exercicio auditado polo que a cantidade a pagar pola Administración Local no caso de seguir o exemplo do recorrente sería de 8.207.276,19 €.

No caso de extinción da empresa e transmisión do seu patrimonio ao seu socios -neste caso o Concello- a única opción para consideralo non suxeito ao IVE sería segundo o artigo 7.1 da lei do IVE “A transmisión dun conxunto de elementos corporais e, no seu caso, incorporais que, formando parte do patrimonio empresarial ou profesional do suxeito pasivo, constitúan unha unidade económica autónoma capaz de desenvolver unha actividade empresarial ou profesional polos seus propios medios, con independencia do réxime fiscal que a devandita transmisión resúltelle de aplicación no ámbito doutros tributos”.

II

MODIFICACIÓN CADRO RESPECTO DO PERSOAL ADMINISTRATIVO

A modificación do cadro de persoal no sentido de suprimir as prazas de administrativo enmárcase dentro da potestade de autoorganización da Entidade Local consagrada no **artigo 4.1 da lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local** e na necesidade do cumprimento do Plan de Axuste aprobado polo Pleno da Corporación de 30 de marzo de 2012; de xeito que non exista desviacións nos resultados do Plan de Axuste e cumprir coas obrigas dimanantes deste.

Non existindo convocatoria das prazas de administrativo para a súa provisión, existe a posibilidade da supresión das prazas no cadro de persoal sen prexuízo da posibilidade no caso de que presupostariamente sexa posible e se cumplan os criterios do Plan de Axuste de integrar orzamentariamente as devanditas prazas.

CONCLUSIÓNS

En función das consideracións esgrimidas considerase axustado a Dereito o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en Sesión de data 31 de xaneiro de 2013.

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto o Sr. Alcalde-presidente como a Xunta de Goberno Local e o Pleno da Corporación co seu máis alto criterio acorden o que consideren oportuno.”

Dona Amelia González Brandariz sinala que a resposta ás alegacións formuladas no período de información pública está recollida no informe da Asesoría Xurídica que asina o Secretario Xeral do Pleno o día 8 de abril, informe no que se agrupan as respostas ás alegacións plantexadas pola CIG, CSIF e D. Iñaki Bilbao. O informe fala en primeiro lugar da integración do persoal de EMUVISSA no cadro de persoal do Concello, e di que a subrogación opera por aplicación do artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, que sinala que o cambio de titularidade dunha empresa non extinguirá a

relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social que tiña o anterior. Fálase tamén no informe de que a modificación da plantilla ten un marcado carácter orzamentario, coordinando deste xeito a estrutura da función pública coas decisións orzamentarias, incluíndo todos os postos de traballo da administración, razón pola cal é necesario modificar o cadro para ter en conta aos traballadores subrogados.

Con respecto ao persoal laboral fixo, o artigo 9.5 do convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago publicado no BOP de 3 de febreiro de 2010, establece no seu apartado primeiro que é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polo Concello. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal, e neste caso, é persoal laboral fixo o que en virtude de contrato de natureza laboral está vinculado ao Concello de Santiago mediante unha relación profesional de carácter permanente.

Con respecto ao procedemento de selección destes traballadores de EMUVISSA, no caso de arquitectos, arquitecto municipal, licenciado en dereito, dun técnico de administración xeral, etc., o feito de que non existise un temario preestablecido non pode considerarse como invalidante do principio de capacidade. Fálase tamén no informe da non aplicación do decreto 1209/2012, da non aplicación da taxa de reposición de efectivos, e sinala con respecto ás causas económicas que o artigo 7.8 da Lei 37/1992 do IVE, entende como operacións non suxeitas ó IVE do 8% as entregas de bens e prestacións de servizos realizadas directamente por entes públicos sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria. Isto non se aplicará cando os referidos entes actúen por medio de empresa pública, privada, mixta ou en xeral de empresas mercantís, e neste caso de extinción de empresa, de transmisión do seu patrimonio aos socios, a única opción que ten o Concello para non estar suxeito ó IVE, sería, segundo o artigo 7.1 da Lei do IVE, no caso de transmisión dun conxunto de elementos corporais e no seu caso incorporais, que formando parte do patrimonio empresarial ou profesional do suxeito pasivo constituían unha unidade económica autónoma capaz de desenvolver unha actividade empresarial ou profesional polos seus propios medios, con independencia do réxime fiscal que a devandita transmisión resulte de aplicación no ámbito doutros tributos.

Fala tamén o informe da modificación do cadro, a respecto do persoal administrativo, que o feito de suprimir as prazas de administrativos se enmarca dentro da potestade de organización da entidade local que consagra o artigo 4.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e no necesario cumprimento do Plan de Axuste aprobado polo Pleno da Corporación o día 30 de marzo de 2012, de xeito que non existan desviacións nos resultados do Plan de Axuste, e que se poida cumprir coas obrigas dimanantes

deste. Non existindo convocatoria das prazas de administrativo para a súa provisión, hai posibilidade da supresión das prazas no cadro de persoal, sen prexuízo de que no caso de que orzamentariamente sexa posible e se cumpran os criterios do plan de axuste, se integren no futuro no cadro as devanditas prazas.

Conclúe o informe do secretario con que a integración do persoal de EMUVISSA dentro da plantilla de 2012, está axustada a dereito.

Don Rubén Cela intervén a seguir, e indica que se vai aprobar o cadro de persoal para o ano 2012, sen que -unha vez máis- o grupo de goberno acade o consenso cos representantes dos traballadores e das traballadoras. Vaise aprobar o cadro de persoal incumprindo os compromisos adquiridos cos traballadores e tamén incumprindo normas legais, pois sería difícil de explicar a calquera veciño e veciña de Santiago que imos aprobar agora o cadro de persoal de 2012, cando uns minutos atrás aprobamos o cadro de persoal de 2013. Isto, para alguén que non estea docto neste tipo de funcionamento un pouco atrapallado da administración, dende logo é farto difícil de explicar. Esta aprobación do cadro de 2012 entrará en vigor en maio, cando van transcorridos un terzo do exercicio de 2013.

A pesar disto, o Bloque Nacionalista Galego quere deixar claro que sempre foi favorable á subrogación por parte do Concello dos traballadores e traballadoras de EMUVISSA. Non en tanto, isto non implica ou non debe implicar que se faga un cambio de cromos, é dicir, que se incorpore ó cadro o persoal de EMUVISSA, e ao mesmo tempo se suprima a promoción interna do funcionariado auxiliar administrativo. Non existe ningunha documentación proporcionada aos grupos que implique ou que xustifique a supresión de ditas prazas afectadas, pois o custo das prazas da nova incorporación de EMUVISSA ten efectos no orzamento de 2013, polo que no momento da elaboración dos mesmos puidéronse tomar as medidas para garantir a súa dotación orzamentaria sen que afectase ao persoal municipal existente.

Manter a promoción interna dos auxiliares tería un custo aproximado de 35.000 euros anuais. Unha praza de nova creación, a de dirección de persoal e de contratación vai custar ao erario público entono a 72.000 euros aproximadamente. Unha vez máis, a política do Partido Popular prexudica á parte máis débil a dos traballadores e das traballadoras municipais.

O funcionario ten dereito á promoción profesional, segundo indica a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do empregado público, pero este dereito está sendo usurpado dende o Partido Popular, que está rachando co convenio colectivo, suprimindo oito prazas de promoción interna ao colectivo de funcionarios e funcionarias que gastaron o seu tempo e parte dos seus aforros en formarse, e que agora se ven desprezados na súa profesionalidade polo goberno municipal, sendo vítimas da súa mala xestión.

A maioría dos cidadáns de Compostela escolleron ó partido popular para gobernar, e iso implica, por suposto, tomar decisións, pero tamén negociar e por suposto chegar a acordos. Porén, este goberno municipal está permanentemente en confrontación, e volverá a facer uso da súa maioría absoluta para aprobar este cadro de persoal, non consensuado cos seus principais protagonistas. Cómpre que o goberno reflexione no feito de que os políticos que hoxe están, cambiarán, pero os traballadores e traballadoras son os que van permanecer, conformando unha parte absolutamente esencial para o bo funcionamento desta cidade.

A nova dirección de área de persoal e contratación, en dous anos suporá un custo de aproximadamente 145 mil euros, que é superior aos recortes do Plan de Axuste ao persoal municipal. Sumando o custe desta praza xunto coa vacante do terceiro tesoureiro de apoio, nun ano se evitarían os descontos dos fondos de acción social e do persoal municipal.

O concelleiro, en último lugar refírese a algo que é inevitable para non descontextualizar a aprobación deste cadro de persoal ,e é o que aconteceu con respecto á liquidación do exercicio 2012, que deixaba ben ás claras quen pagou en boa medida as decisións políticas do goberno, e sen lugar a dúbidas, a principal vítima dos seus recortes foron os traballadores e as traballadoras deste Concello. En concreto, o aforro producido no capítulo de gastos de persoal foi de 2.170.000 euros, aos que habería que sumar outros 443.000 euros xa recortados nas previsións iniciais. Coñecendo esas cifras, ao concelleiro parécelle totalmente inxusto e inxustificado manter as previsións marcadas no plan de axuste, e reitera a innecesariedade dese plan e a súa falta de equidade. Se nunca estivo xustificado, a teor dos datos que arroxa esta liquidación, agora o está, dende logo, moito menos.

Por último, o concelleiro empra o goberno municipal a revisar na súa totalidade o plan de axuste, e especificamente, no que se refire aos recortes nas partidas de persoal. A propia concelleira de facenda facía referencia na comisión de facenda a que iso era factible, por iso o concelleiro insta a un compromiso formal neste senso

Para Dona Marta Álvarez-Santullano, que intervén a continuación, resulta sorprendente que no pleno extraordinario, celebrado hai unha hora escasa, a concelleira de persoal non falara nin un minuto do cadro do ano 2013, o que denota a actitude deste goberno co persoal do Concello de Santiago de Compostela.

Hoxe vaise aprobar de xeito definitivo -non co voto do seu grupo- a modificación do cadro de persoal do ano 2012, que segue recollendo, a pesares das numerosísimas advertencias, que a integración do persoal de EMUVISSA é cunha relación de laboral indefinido e non fixo. E séguese a recoller o cadro de persoal que se aporta con este

expediente, o que non reflicte o acordo acadado neste pleno, nin tan sequera, por suposto o que indica o informe do secretario xeral e director da asesoría xurídica. No cadro de persoal de 2012 modificado se suprimen oito prazas de administrativos, pero por sorpresa, no cadro de persoal de 2013 que se acaba de aprobar inicialmente no pleno anterior, esas oito prazas de administrativos volven a aparecer, por suposto sen orzamentar, o que se figura a concelleira que será un erro.

Quere deixar claro a Sra. Santullano que dende o primeiro momento a postura do grupo municipal socialista foi favorable á integración do persoal de EMUVISSA, pero de todo o persoal, pois segue sen existir no expediente un informe xurídico que xustifique a non integración de certo persoal que tiña dereito á reserva de posto de traballo, en concreto da arquitecta Dona Aurea Soto Vázquez, concelleira socialista na cidade Ourense.

Na sesión plenaria do mes de febreiro, en resposta á pregunta da concelleira socialista Dona Rosario Valledor, manifestou o secretario que o informe que consta no expediente refírese única e exclusivamente a persoal que por decisión política se considera que debe integrarse nese momento, e así consta na acta que se someteu hoxe a votación. Polo tanto, confírmase que a exclusión de Dona Aurea Soto Vázquez na proposta de integración do persoal de EMUVISSA é unha cuestión estritamente política, non xurídica-porque é de obrigado cumprimento reservarlle o posto de traballo-, nin orzamentaria, dado que acabamos de escoitar e ver como se seguen a aumentar as prazas *ad hoc*, e os comisarios políticos, nesta proposta que se trae hoxe xunto cos orzamentos para o ano 2013.

O seu grupo está absolutamente en contra de que a costa de integrar o persoal de EMUVISSA se vulneren os dereitos do persoal deste concello. reséntanse tres alegacións na fase de exposición ao público, e chama a atención que a alegación do CSIF non apareza no expediente, pois o que forma parte do expediente é unha reprodución ou resumo das mesmas. Segue sen existir informe do Departamento de Persoal, e pola contra aparece no expediente algo que non se pode obviar, cal é un informe encuberto dun técnico do servizo de persoal, que a título persoal presenta alegacións á modificación do cadro, por certo, bastante contundentes, en contra da integración do persoal de EMUVISSA.

Dende o primeiro momento o grupo socialista manifestou o seu desacordo a que non se negociara esta proposta cos representantes dos traballadores, e como resposta non serve dicir que os representantes dos traballadores non acoden ás mesas de negociación, pois algo terá que ver neso a nefasta ou inexistente política de persoal que se está a levar neste concello dende a chegada do Partido Popular, e é da súa exclusiva responsabilidade retomar a paz social e as negociacións cos representantes dos traballadores.

O grupo socialista -engade a concelleira-, segue sen estar de acordo coa modificación unilateral da disposición adicional cuarta do acordo regulador no relativo á eliminación da promoción interna das prazas de administrativo, e lamenta a Sra. Santullano disentir neste punto co informe do secretario. É preciso aclarar que a cantidade orzamentada para estas prazas era aproximadamente duns 35.000 euros, que é o que supón a diferenza anual entre as categorías de auxiliar e de administrativo, e dicir o contrario é mentir.

Non é de recibo coartar a promoción de traballadores deste concello por 35 mil euros cando se está a integrar persoal dunha empresa pública, por aproximadamente 300.000 euros. Non hai cartos para a promoción interna, recórtanse os dereitos dos traballadores, se suprimen e rebaixan partidas do capítulo I do orzamento deste concello, pero en cambio se crean novas xefaturas de servizo e unha nova dirección de área, por certo, nova dirección de área que aparece duplicada no cadro de persoal que hoxe se aproba, porque por unha banda se crea unha dirección da área de persoal e contratación, e por outra, se mantén a de facenda, coa mesma denominación, e que inclúe tamén, contratación. Hai 72 mil euros máis para o persoal ad doc, mostra da política de persoal deste goberno, e tamén se crea unha praza de promoción interna, amortizada no cadro do ano pasado e sen negociación colectiva, de encargado do parque móbil. Pola contra, o goberno popular ten a desfachatez de orzamentar unha dirección da área máis, algo que ten que ver, efectivamente, con aquel famoso organigrama que se publicara por erro na páxina web, que parecía que viña dun ordenador alleo ao grupo de goberno e que facía unhas recomendacións sobre o funcionamento dos departamentos de contratación e de persoal, por certo dous departamentos que teñen dúas xefaturas de servizo.

Explica a seguir a Sra. Santullano que o cadro de persoal do ano 2012, que agora se aproba neste punto, reflicte 44 administrativos, e 51 auxiliares administrativos, pero fai unha hora aprobouse inicialmente o cadro de 2013, e nel aparecen 52 administrativos, e 51 auxiliares administrativos. Pide por tanto que o goberno explique esta manifesta contradición entre a modificación definitiva do cadro de persoal de 2012 e a aprobación inicial do cadro de 2013, ambas aprobadas en dúas sesións plenarias consecutivas, que estamos a celebrar no día de hoxe. Por certo, as prazas de administrativo que volven aparecer na proposta de 2013, están sen orzamentar, algo que o actual goberno considera inadmisíbel e que tanto criticou do goberno anterior. Agarda a concelleira que isto sexa un erro, ou polo menos se aclare na seguinte intervención da concelleira de persoal.

A continuación xulga todo o expediente de chapuza, e di que aquí alguén non se entera do que se fala, do que se aproba e do que se acorda.

Aproveita a concelleira esta intervención para indicar que a solicitude de compatibilidade do voceiro do seu grupo ten un informe favorable do secretario xeral e

un ditame favorable da comisión informativa, acadado por unanimidade dos tres grupos políticos.

Fai tamén unha referencia a Sra. Santullano á proposta consensuada entre todas as seccións sindicais sobre a modificación do plan de axuste. A verdade é que este goberno o ten moito máis doado que o anterior, pois consegue poñer de acordo a todas as seccións sindicais, co cal tería posibilidade de negociar cunha soa postura, e esa non era a realidade do anterior goberno. No pasado mes de decembro, o goberno municipal comprometeuse a estudar a proposta consensuada das seccións sindicais deste concello, manifestando ademais que era viable. Sen embargo, non se dou un paso máis, e non se convocou ós sindicatos ata fai escasas tres ou catro semanas. Onte, nunha comparecencia diante dos medios de comunicación, a concelleira de facenda dicía que a ver se no 2014 se podía facer frente á proposta consensuada polas seccións sindicais, pero claramente ese non era o espírito desa proposta consensuada, porque o que trataba de evitar era ese recorte dos 665.000 euros propostos no plano de axuste para o ano 2013.

Remata a súa intervención a Sra. Santullano indicando que en coherencia co votado na aprobación inicial da modificación do cadro de persoal para o ano 2012, o grupo municipal socialista votará en contra desta proposta.

Dona Amelia González Brandariz di que a diferenciación do persoal de EMUVISSA esta ben clara, pois o cadro distingue entre funcionarios, persoal laboral, laboral indefinido, persoal eventual, e as diferenciacións entre os contratos das diferentes situacións laborais están definidas cada unha no seu apartado.

No tocante á sesión anterior e á actual, indica que non se pode incluír nos orzamentos de 2013 o que non está aprobado definitivamente no do 2012, por cuestión de procedemento.

A seguir indica Dona Amelia González que o artigo 33.1 do Estatuto Básico do Empregado Público indica que a negociación colectiva de condicións de traballo dos funcionarios públicos estará suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia. Negociar de boa fe implica a concorrencia ás xuntanzas fixadas de común acordo ou polos organismos ou terceiros que as convoquen no marco dos procedementos de solución de conflitos.

Ao fío do anterior, o 27 de decembro do ano 2012 convocouse a Mesa Xeral de Negociación e a Comisión Negociadora do Convenio Colectivo do Persoal Laboral para tratar este tema. Figura no expediente unha dilixencia do Secretario Xeral do Pleno na que se fai constar que á sesión extraordinaria que correspondería celebrar á mesa xeral

de negociación na data de 2 de xaneiro, cuxa orde do día era a proposta da concelleira delegada de persoal relativa á modificación do cadro de persoal 2012, non asistiu ningún representante da CIG nin da UXT, sen que figure no expediente xustificación da ausencia. Por suposto que hai que negociar, pero para negociar hai que convocar á Mesa -e se convocou-, e os convocados teñen que asistir, e se non asisten o goberno municipal non pode facer nada. Toda esta discusión ao mellor non tiña que estar enriba da mesa neste momento, se eles estiveran no seu momento, e isto estivera negociado tamén no seu momento.

Agora os sindicatos non poden argumentar que non están de acordo coa proposta que tiveron a posibilidade de negociar, pois daquela non quixeron facelo. Convocouse a mesa, cunha orde do día, con algo que negociar, e se non se negociou non foi por decisión do goberno municipal.

Polo resto, remítese a concelleira á contestación das alegacións emitida pola Secretaría Xeral do Pleno, e con respecto á traballadora de EMUVISSA que quedou fóra da integración, indica que se dou de alta na empresa como arquitecta en novembro do ano 2000, e que dende xullo de 2007 atópase na situación de excedencia forzosa, sen que na actualidade se tomara ningunha decisión, en tanto que non solicitou o reingreso a EMUVISSA, razón pola que o Concello descoñece que intencións ten ao respecto. Por un principio de prudencia orzamentaria, consignouse unha cantidade correspondente á súa indemnización por despido, por se se produce algún tipo de reclamación neste senso, en tanto que é un dereito, certo, un feito certo consumado que a empresa na que ten traballado está extinguida e xa non existe. Non obstante, en ningún dos acordos adoptados se fala de despido, nin se adoptou ningunha resolución neste senso, polo que non se produciu ningún despido.

Para Don Rubén Cela, que fala seguidamente, este é un tema moi serio, que afecta ás condicións laborais e ós dereitos adquiridos de moitos traballadores e traballadoras deste concello, polo tanto as cousas non se poden facer dun xeito absolutamente chapuceiro.

Pensa que non é función da concelleira verter unha serie de opinións sobre a boa fe, ou non boa fe da outra parte contratante, e dende logo culpabilizar ás centrais sindicais de que hoxe esteamos nesta situación non é a mellor opción. As centrais sindicais fan o que teñen que facer, que é defender os intereses e os dereitos dos traballadores e traballadoras deste concello, e a concelleira terá que facer o que teña que facer, que é xestionar isto, e dentro desa xestión, o que tería que dicir hoxe é se se fixo ben a integración do persoal de EMUVISSA no Concello, e se facía falta amortizar as prazas que se amortizaron para a integración dos traballadores de EMUVISSA.

Pregunta o Sr. Cela se era necesario levar a cabo determinado tipo de cuestións no plan de axuste á vista da liquidación do ano 2012 e á vista do que ten acontecido nos últimos meses neste concello. É difícil explicar que acabemos de aprobar un orzamento onde se crea unha praza de director de área que costa 72.000 euros nun momento no que se están a facer toda unha serie de recortes moi importantes aos traballadores e as traballadoras municipais. Engade o concelleiro que na comisión de facenda a concelleira amosou unha total dispoñibilidade para falar da revisión do plan de axuste, nomeadamente no que ten que ver cos traballadores e traballadoras, e iso non debiera ser un brinde ao sol, nin unha simple declaración de intencións, por tanto gustaríalle ter o compromiso de que se van revisar esas condicións, vendo que os datos materiais non teñen nada que ver cos que se daban cando se redactou o plan de axuste.

Dona Marta Álvarez-Santullano indica que ó mellor non se explicou moi ben en relación ó persoal de EMUVISSA e ó cadro de persoal de 2012, no que figura como persoal indefinido, cando debiera poñer persoal laboral fixo procedente da extinta EMUVISSA. O último que consta no expediente administrativo -non sabe se por erro- é que o persoal se integraba como persoal laboral fixo.

En relación coas intencións sobre a integración ou non de dona Aurea Soto Vázquez, indica que nunha comisión informativa fíxose referencia, parécelle que por parte da concelleira de Urbanismo, a que nunha acta de EMUVISSA xa se tiña previsto a indemnización por despido de dona Aurea Soto Vázquez. Despois, no pleno do mes de febreiro dise exactamente o mesmo en relación á posible indemnización de dona Aurea Soto Vázquez, e agora a concelleira de persoal manifesta que descoñece as intencións da sra. Soto. A situación desta persoa é a de excedencia forzosa con dereito á reserva de posto durante o tempo que preste esas funcións na administración pública, e non ten porque comunicar antes as súas intencións, co cal a solución era moi sinxela, e pasaba por integrar a praza de arquitecta en excedencia forzosa de Dona Aurea Soto Vázquez e deixala vacante mentres ela estivera en situación de excedencia forzosa.

No que atinxe á negociación cos representantes dos traballadores, di a Sra. Santullano que algunha culpa terá o goberno na situación, pois dous non se entenden se ún non quere, e o goberno municipal ten máis responsabilidade que os representantes dos traballadores para tratar de falar con eles de consensuar e de negociar, pois son os mesmos representantes cos que o goberno anterior falaba e cos que consensuaba as propostas, sempre cun sentido da responsabilidade e do momento no que se estaba a vivir.

O problema é a política de persoal deste goberno, que dende que chegou creou as prazas de secretaría xeral do pleno, tesoureiro de apoio, interventor, dirección de área de seguridade, dirección de área de facenda, dous xefes de servizo importados en urbanismo (planeamento e licenzas), e agora unha dirección de área máis. Contra iso, o

que fai o goberno é recortar dereitos ao conxunto dos traballadores, vulnerando o principio da negociación colectiva, creando prazas de libre designación, por suposto sen concurso, en comisión de servizo todas e cada unha delas, co único obxectivo de tratar de bloquear a funcionarios competentes, pero que non informan o que o goberno lle ven en gana. Neste momento, ademais, adébédanse en concepto de horas extraordinarias a persoal municipal cinco meses, algo que tampouco nunca tivera sucedido.

Polas razóns apuntadas, o grupo municipal socialista vai votar en contra desta proposta.

De conformidade coa proposta da concelleira-delegada de Persoal do día 12 de abril deste ano, o informe transcrito con anterioridade, que serve de expresa motivación ó acordo, e o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do pasado día 22, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 12 en contra dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG:

a) Rexeitar as alegacións formuladas por D. Ramón Villalibre Fernández (CSIF), D. Iñaki Bilbao Castro e D. Francisco Xavier Picón Picallos contra a aprobación inicial da modificación do cadro de persoal para o ano 2012.

b) Aprobar definitivamente a modificación do cadro de Persoal para o ano 2012, o que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS PARTIDAS DE ÁREAS DE GASTO DE VÍAS E OBRAS A CENTROS SOCIOCULTURALS.

A modificación presupostaria que se propón consiste nunha transferencia de crédito por importe de 72.000 euros, entre aplicacións presupostarias pertencentes a distintas partidas de gasto, e ten por obxecto incrementar a dotación da aplicación presupostaria destinada a centros socioculturais, reparación, mantemento de edificios e outras construcións, mediante a baixa correspondente na partida destinada a vías públicas, reparación, mantemento e conservación, infraestruturas.

Neste senso, a proposta do concelleiro-delegado da brigada de vías e obras e servizos, de día 9 de abril deste ano, foi obxecto de informe favorable do sr. Interventor de Fondos Municipais, do día 17 seguinte.

Don Juan de la Fuente Fuentes intervén para indicar que se necesitaban unha serie de obras nos centros socioculturais, e que por parte do departamento de Intervención se lle dixo que a mellor opción era facer unha transferencia de créditos dende unha partida da

concellería de centros socioculturais. O importante é que as obras se leven a cabo e que os centros socioculturais teñan algo máis de vida.

Don Rubén Cela adianta que o BNG vaise abster na votación, sen poñer en tea de xuízo que fagan falta eses recursos para os centros socioculturais, pero no convencemento de que esta é unha mostra máis dun xeito chapuceiro de funcionar. Había un orzamento prorrogado ó que se fixeron dúas modificacións, e hoxe, cando aprobamos inicialmente o orzamento do ano 2013, ven outra modificación, o que dende logo non amosa o rigor e seriedade necesarios para o funcionamento dunha institución como a nosa.

Dona Marta Álvarez-Santullano, pola súa banda, indica que o grupo socialista non vai apoiar esta modificación de crédito, non por que non estean de acordo coa finalidade do investimento no centro sociocultural de Santa Marta, que si o están, senon porque pensan que os cartos non se deben detraer da partida de mantemento das vías públicas, que está no capítulo II do orzamento. Na situación na que está a cidade neste momento, o goberno municipal non se pode permitir detraer 72.000 euros dunha partida moi necesaria, razón que obriga a votar en contra da proposta.

Para o Sr. de la Fuente, que intervén a continuación, había outra forma de facelo, que era non facelo, ó igual que facía o goberno anterior, ou a de ir facendo e ver despois como se pagan as facturas. O departamento de intervención indica que é necesario facer unha transferencia de crédito, e o seu grupo non ten ningún inconveniente, xa que os centros socioculturais precisan desas obras.

Don Francisco Noya tamén comenta que a operación non responde á improvisación. A finais do ano pasado apareceron uns remanentes de inversión e aos centros socioculturais lles correspondían 72000 euros. Mercede a un acordo entre a súa concellería e a de Don Juan de la Fuente, que nese momento estaba facendo investimento en todos os barrios de Santiago, chegouse á conclusión de que vías e obras asumía eses 72000 para investimento, que de feito se gastaron integramente nos últimos meses en tres ou catro barrios de Santiago. A cambio, faríase unha modificación orzamentaria na partida de reparacións de centros socioculturais, acordo ó que se chegou grazas á coordinación entre as dúas concellerías.

Dona Marta Álvarez-Santullano intervén de novo, e indica que imaxina que o señor interventor informa favorablemente unha proposta cando o que se trata é de incrementar unha partida no mesmo capítulo no que se resta doutra, pero tamén imaxina que non será o señor interventor o que decide en qué partidas se restan e se é en vías e obras, ou en partidas de gastos correntes doutra concellaría. Afirmo que a elección das partidas responde a unha decisión estritamente política, e que esa decisión neste momento non é axeitada, porque é unha necesidade investir o máximo de cartos posibles na reparación de vías públicas desta cidade.

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Cela que como é novel no Concello, non sabe que na anterior legislatura os orzamentos do bipartito experimentaban cada mes modificacións, reformas, derrubas e algo máis. Se repasa os orzamentos do bipartito de 2007 a 2011 ao mellor ve corenta ou cincuenta modificacións.

Así, de conformidade coa proposta do concelleiro-delegado da brigada de vías e obras e servizos, o informe do sr. Interventor de fondos municipais, e o ditame favorable da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa sesión do día 22 deste mes, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, 9 en contra, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 3 abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, aprobar inicialmente o expediente de modificación presupostaria de transferencia entre partidas número 18, por importe de 72.000 euros co obxecto de incrementar a dotación da aplicación presupostaria destinada a centros socioculturais, reparación, mantemento de edificios e outras construcións e de conformidade co seguinte detalle:

PARTIDA DE GASTOS QUE SE MINORA

PARTIDA	CREDITO ANTERIOR	BAIXA	CREDITO DEFINITIVO
0601550021000	380.316,99 €	72.000 €	308.316,99 €

PARTIDA DE GASTOS QUE SE SUPLEMENTA

PARTIDA	CREDITO ANTERIOR	ALTA	CREDITO DEFINITIVO
1203340321200	59.308,02 €	72.000 €	131.308,02 €

O expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no BOP de A Coruña, de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O expediente inicialmente aprobado elevaranse automaticamente a definitivo se contra o mesmo non se formula reclamación ningunha, procedendo entón á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, A PROL DO ESTUDO E DA ELABORACIÓN DUN PLAN DE EMPREGO XUVENIL.

A proposta presentada polo grupo municipal socialista ten o seguinte contido:

“O desemprego xuvenil é un dos problemas estruturais mais importantes da sociedade actual. Mentres o paro segue a medrar día a día, cunha sangría que se está a volver cada día máis insoportable, o goberno do Partido Popular do Estado español vén de facer un recorte de mais de 4.000 millóns de euros en políticas activas de emprego.

Seguindo a estela que nos leva á deriva nas políticas de emprego, o goberno do PP en Galicia vén de consolidar o recorte das políticas activas de emprego en cifras que son absolutamente escandalosas dadas as taxas de paro rexistrado. Así só en orzamentos para o ano 2013 na formación ocupacional a rebaixa foi do 45%.

Neste momento en Galicia os mozos menores de 35 anos que están activos laboralmente falando é inferior o 40% Deste xeito as familias ven como ano tras ano a emancipación dos fillos se retrasa. Esta circunstancia levará a un problema demográfico de características imprevisibles a medio prazo. Cando a xente nova non ten traballo que lle permita emanciparse a posibilidade de ter fillos desaparece. Se hoxe en día o envellecemento da poboación é un problema real de difícil solución, o paro xuvenil aumenta de xeito exponencial esta circunstancia.

Temos a xuventude mellor preparada de toda a historia. Temos unha das mellores universidades de España e quizais de Europa. Pola contra, os nosos rapaces vense obrigados a emigrar para poder vivir.

Estas son as circunstancias que nos levan como Grupo Municipal Socialista a presentar a seguinte **PROPOSICIÓN** ao Pleno da Corporación:

- Que se inste ao Goberno do Estado a que se dea prioridade absoluta ás políticas activas de emprego para que a actividade económica poida rexurdir das súas cinzas.
- Que se inste ao Goberno do Estado para que poña en valor o modelo produtivo que prime o I+D+I como saída laboral para os máis novos.
- Que o Goberno Municipal elabore un estudio valorativo e propositivo de cara a loitar contra o paro xuvenil como problema de primeira orde de carácter social e político. E que se teña en conta a todos os actores que queiran participar na súa elaboración.”

Dona Rosario Valledor Puente inicia o debate deste punto indicando que é nova na corporación, e espera que non se lle veña recordando o que fixo o bipartito, porque ela

non estaba, e o di porque as argumentacións recorrentes aquí só son sobre o que fixo o bipartito. Diante do intento de interromper a intervención da concelleira, afirma que lle dá vergoña o cariz que ten o grupo de goberno e o trato que dispensa á oposición, porque na súa casa ensináronlle educación, e esixe así que os demais agarden a que ela fale, e só despois interveñan, sen oír os insultos e palabras malsonantes que leva oíndo hoxe.

A seguir, expón que o paro xuvenil é un dos problemas estruturais máis importantes da sociedade actual, e mentres medra día a día, cunha sangría que se está a volver cada momento máis insoportable, o goberno do Partido Popular do Estado Español ven de facer un recorte de máis de 4 mil millóns de euros en políticas activas de emprego, seguindo a estela que nos leva á deriva no mercado laboral. O goberno do Partido Popular en Galicia ven de consolidar os recortes das políticas activas de emprego en cifras que son absolutamente escandalosas, dadas as taxas de paro rexistrado; así só en orzamentos para o ano 2013 na formación ocupacional a rebaixa foi do 45%, e neste momento en Galicia os mozos menores de 35 anos que teñen actividade laboral supoñen unha porcentaxe inferior ao 40%. Deste xeito, as familias ven como ano tras ano a emancipación dos fillos se atrasa de xeito indefinido. Esta circunstancia levará a un problema demográfico de características imprevisibles a medio prazo.

En Santiago, recoñecido polo propio goberno municipal, o paro da poboación xuvenil é alarmante. Cando os xoves non teñen traballo que lles permite emanciparse, a posibilidade de ter fillos desaparece, e se hoxe en día o envellecemento da poboación é un problema real de difícil solución, o paro xuvenil aumenta de xeito exponencial esta circunstancia. Temos a xuventude mellor preparada de toda a historia, temos unha das mellores universidades de España e posiblemente de Europa, e pola contra os nosos xoves vense obrigados a emigrar para poder vivir.

Estas son as circunstancias que levan ao grupo municipal socialista a presentar a seguinte proposición ao pleno da Corporación:

1º Que se inste ao Goberno do Estado a que se dea prioridade absoluta ás políticas activas de emprego para que a actividade económica poida rexurdir das súas cinzas.

2º Que se inste ao Goberno do Estado para que poña en valor o modelo produtivo que prime o I+D+I como saída laboral para os máis novos.

3º Que o Goberno Municipal elabore un estudo valorativo e propositivo de cara a loitar contra o paro xuvenil como problema de primeira orde de carácter social e político. E que se teña en conta a todos os actores que queiran participar na súa elaboración.

A seguir, relata a concelleira que leva máis de vinte e tres anos dedicándose ao emprego e é a primeira vez na súa vida, dende que entrou en política, que escoita falar de políticas preventivas de emprego, e sigue sen saber o que son, estivo procurando enterarse e non atopa información.

En relación coa afirmación que fixo o Sr. Currás fai un momento no pleno anterior, dicindo que o goberno bipartito non lle daba ningunha importancia á facenda, porque tivera tres concelleiros, opón a concelleira que en case dous anos de goberno popular non sabe cantos concelleiros de emprego levan, pero ela está aquí dende o mes de decembro, e aínda hoxe non sabe cal é o actual, porque non se lle convocou a nada.

Don Rubén Cela indica que tal e como se ven de comprobar na anterior sesión plenaria con ocasión da aprobación inicial dos orzamentos 2013, e a pesar de anunciar por parte do goberno municipal unha suba dun 112% en políticas de emprego (o punto de partida eran 440.000 euros en 2012), a cantidade destinada agora non chegará ao 1% do orzamento consolidado de gasto.

Para o BNG, unha das funcións fundamentais que debería de ter este grupo de goberno é mirar por todas e cada unha das 13.400 persoas que buscan traballo na nosa cidade e que non o atopan. Un alcalde, se quere ser bo representante da cidadanía, e un grupo de goberno, se quere cumprir correctamente co seu traballo, deben preocuparse polos problemas dos cidadáns, e o paro, sen lugar a dúbidas, é o principal problema da cidadanía compostelana. O goberno municipal debe de ter en conta as prioridades de creación de emprego, de reactivación económica e de protección social como elementos claves para garantir o porvir de Santiago de Compostela.

Prosegue explicando o concelleiro que segundo os datos da Consellaría de Traballo, no que vai de ano a cifra do paro medrou en Santiago de Compostela en 477 persoas. A cifra de 13.400 persoas que marca a enquisa de poboación activa axústase bastante máis á realidade que as 9.800 do paro rexistrado. Ben é certo que no último mes se produciu unha baixada de 111 persoas sen traballo que atoparon emprego, derivada basicamente da ocupación temporal da actividade de Semana Santa; mais aínda así, o paro interanual subiu en 416 persoas en cifras de paro rexistrado en Santiago de Compostela.

O peche incesante de comercios e de establecementos hostaleiros, os constantes expedientes de regulación de emprego, a deslocalización de empresas, a emigración xuvenil por falta de oportunidades, a precariedade e a perda de dereitos laborais desdebuxan o futuro dunha cidade que ve lastrado o seu potencial.

En canto á referencia que se fai na proposición á emigración xuvenil, o concelleiro ofrece o dato de que arredor de 900 persoas de entre 16 e 35 anos marcharon de

Santiago de Compostela en 2012 por falta de oportunidades laborais. Isto é consecuencia da crítica situación económica, que se ve agravada pola nefasta xestión tanto do Concello como da Xunta e do propio Estado a nivel de políticas de emprego.

En concreto, e de acordo cos datos do Padrón municipal, o ano pasado abandonaron a cidade de Santiago de Compostela 1.358 persoas entre 16 e 35 anos, das que 900, aproximadamente, o fixeron a destinos de referencia no ámbito da emigración, como é Madrid ou Barcelona, as áreas de influencia, Canarias, Baleares ou Levante, ou no ámbito galego, Vigo ou A Coruña.

Pero sobre de todo, o dramático é o número de persoas entre 16 e 35 anos que marcharon ao estranxeiro, fundamentalmente a Reino Unido, Estados Unidos, Brasil, Alemaña e Suíza en busca dunha oportunidade laboral. Mais cómpre facer tamén referencia a que pode haber outras moitas persoas que non figuren nestas estatísticas, ao non cambiaren o seu lugar de empadramento ao realizar ese proceso de marcha.

A emigración xuvenil constitúe unha das maiores lacras desta sociedade e, mesmo en moitos aspectos, estas cifras son moito peores que as propias do desemprego, xa que a mocidade opta por marchar cando non albisca un futuro con traballo na súa terra, a pesar de ter un alto grao de formación en investigación, en estudos de alta cualificación aquí infravalorados, ou con emprego precario.

Non se pode permitir, dende logo, esta fuga de persoas mozas, este potencial que debería achegar o mellor de si a través dun emprego digno para a nosa cidade e para o noso país, logo de ser formados aquí.

Cómpre lembrar que o grupo municipal do BNG rexistrou un serial de iniciativas o pasado ano para promover o emprego estábel, relativas a emprendemento e viveiros de empresa, á economía social e incorporación laboral de persoas en risco de exclusión, á regularización da situación das empregadas no fogar, á restauración das axudas da Xunta aos obradoiros de emprego, ou á contratación de grupos composteláns e galegos na programación cultural e festiva da cidade, entre outras.

Outra das iniciativas do BNG prevía a elaboración dun Plan municipal de fomento do emprego destinado á mocidade, en coordinación con outras administracións e axentes sociais, semellante a este que hoxe debatemos, e foi aprobada por unanimidade a pesar de que non se coñeceu máis nada sobre a súa execución práctica. Aquel Plan de Emprego Xuvenil ía destinado a ser prioridade para esta cidade, co obxectivo de frear a emigración, con incentivos fiscais, con axudas de establecemento, coa redefinición da política de viveiros empresariais e axudas directas para a creación de novos postos de traballo.

O BNG considera que Galiza ten necesidade urxente de tomar decisións soberanas sobre a súa economía e os seus sectores produtivos para salvagardar os nosos intereses colectivos como país e tamén para garantir a capacidade de crear emprego e riqueza para as xeracións actuais e futuras.

Mais o concelleiro comproba tamén como o PP rexeitou unha emenda do BNG destinada a incrementar en 938.580 euros as políticas de emprego xuvenil nos Orzamentos da Xunta para 2013, das que tamén se podería ver beneficiada Santiago de Compostela. Curiosamente votou en contra desa emenda a deputada Paula Prado, que daquela era concelleira de Emprego nesta Corporación municipal.

Do mesmo xeito, o BNG reivindica a autonomía local para os concellos fronte ao cada vez maior intervencionismo estatal, derivado das medidas que implícitamente conducen á recentralización, como o plan de axuste, que obrigan a cumprir obxectivos a grande escala a costa das administracións máis próximas á cidadanía.

Prosegue a súa intervención o Sr. Cela indicando que o BNG propuña no Congreso incrementar as partidas de fomento do emprego e de inserción laboral para demandantes de longa duración, aumentar fondos para I+D+i nas empresas, subir as axudas para apoiar pequenas e medianas empresas, así como medidas para o pequeno comercio local. En total, as medidas supoñían 2.000 millóns de euros para a reactivación dos sectores produtivos e o fortalecemento dos servizos públicos. Mais os deputados e deputadas do PP, incluídos os 15 eleitos nas circunscricións de Galiza, votaron en contra. E así nos vai, cun Goberno que legisla en contra do pobo e a favor dos intereses da banca, que incumpre o principio internacional de progresividade, e que impide que os dereitos económicos, sociais e culturais sexan progresivos, coa vocación de avogar polo desenvolvemento social.

Xunto este principio de progresividade que se está a incumprir polo goberno popular, tamén na reforma laboral, como nos sucesivos recortes nos servizos públicos, figura o de irreversibilidade, que vén a significar a imposibilidade de que se reduza a protección de dereitos xa acordada con anterioridade, cando se trata de preceptos recoñecidos como dereitos humanos.

O incremento constante dos niveis de desemprego constata a gravidade da crise. Mais tamén evidencia que as solucións e receitas económicas adoptadas, baixo a dirección e tutela das grandes institucións financeiras e monetarias internacionais, no canto de estimular a recuperación económica, contribuíron a que a crise aínda perdure na actualidade e non se albisquen nin o que dan en chamar “brotos verdes”.

A nula recuperación económica, e mesmo o agravamento da situación social, con maior desemprego e incremento das desigualdades, demostran a pouca eficacia dunha saída á crise sen apenas variar os fundamentos económicos que guiaron as políticas económicas na época previa á recesión. O único que está demostrado é que a receita do PP fracasou, o paro medra de xeito incesante sen que os presidentes da Xunta e do Goberno do Estado reaccionen e adopten medidas contrarias ás que aplicaron até agora e que conduciron a un alto nivel de desemprego.

Estes resultados son consecuencia directa, polo tanto, das políticas do PP, do seu desmantelamento progresivo dos sectores produtivos, da suba do IVE, da reforma laboral, da rebaixa dos salarios, do abaratamento do despido ou da falta de crédito. Estas medidas non solucionan nada, senón que agravan o problema dos milleiros de familias que engrosan cada día as listas do paro. Mais hai oportunidade de mudar esta tendencia se rachamos coas prácticas neoliberais que se imprimen até agora, pero para iso ten que haber vontade política, como é o caso do BNG.

O mundo de hoxe, en palabras do economista Harvard Dani Rodrik, enfróntase ao trilema entre globalización, soberanía ou democracia. Só recuperando a soberanía pódese recuperar unha senda de progreso e preservar a democracia. Por iso é necesario iniciar un cambio de políticas que abandonen os ditados da troika e teñan como obxectivo salvagardar a nosa economía máis próxima, a que nos toca administrar dende esta Administración local, a de milleiros de familias compostelás que teñen un, varios ou todos os membros en paro, que subsisten porque os demais traballan até a extenuación por un soldo cada vez máis cativoiro e ven perigar o seu posto pola precariedade laboral existente, promovida por esta política económica fracasada.

É preciso apoiar e emprender iniciativas que favorezan a estabilidade do emprego. O goberno municipal debería repetir isto cada día e repetírllelo aos seus compañeiros Feijóo e a Rajoy nestas vésperas, precisamente, do Primeiro de Maio.

Dona Reyes Leis intervén agora, e ofrece á Sra. Valledor un pequeno presente, que é a estratexia de emprego xove de 2013-2016, que a concelleira debера coñecer, se é tan experta en materia de emprego, e que o Presidente do Goberno presentou o día 12 de marzo. Este é un plan ambicioso, moito máis de 2000 millóns que pedía o señor Cela, pois son 3.500 millóns para fomentar o emprego xove. Ademais, hai outros 1.700 millóns anunciados xa, co cal é irresponsable vir aquí cunha proposta que está fora de xogo.

Estaba a dicir D. Rubén Cela con anterioridade que xa en outubro tivera reunións con Dona Paula Prado, co obxecto da elaboración do plan de emprego local. Nesa reunión solicitouse dos concelleiros que enviaran propostas para engadir a ese ambicioso plan, e

daquela dona Marisa del Río, e tamén o sr. Cela, fixeron unhas propostas interesantes, algunhas delas incluídas no plan, aínda que a Sra. Valledor parece non ter coñecemento deste extremo.

En todo caso, di a sra. Leis que leva escasamente un mes como concelleira de emprego, e asegura que está a traballar nese plan, que se presentará probablemente dentro dun mes. A estas alturas, cando se leva traballando tanto tempo, non ten sentido facer achegas. O I+D+I do que falaban os concelleiros da oposición con anterioridade, é precisamente unha das claves do investimento, e lembra a concelleira que por parte do goberno do Estado aprobouse o pasado mes de febreiro a estratexia española de ciencia, tecnoloxía e innovación, que tamén entende que descoñece a Sra. Valledor, porque senón non a incluíría na súa lista de peticións, e o que faría sería adherirse ó plan.

A continuación, di a concelleira que lle fai gracia ún dos puntos da proposición, que afirma que non se sabe nada do plan de emprego, cando precisamente por parte do grupo socialista se fixeron chegar propostas e se acadou o acordo, ademais de facer tres estudos con axentes sociais locais, como eran a Universidade, a Cámara de Comercio e o Polígono do Tambre. Eses estudos estanse a facer por eses organismos, co cal mentres non estean marcados os resultados non se poden tomar decisións.

De todos os xeitos, avanza a Sra. Leis que no momento en que o Concello dispoña dos datos, volverá a sentarse cos portavoces, e cos compañeiros responsables de emprego de cada ún dos grupos de goberno, porque este goberno ten moitas ganas de facer algo para paliar o desemprego, e por suposto, no casos dos xoves aínda moitísimo máis.

Dona Rosario Valledor toma outra vez a palabra e explica que neste momento o índice de paro xuvenil no Estado é do 57,22%, e o Estado tamén está a contribuír, coa súa gran política laboral, coa peor ministra de tódolos tempos, a que ese resultado se mantéña. Neste momento, o 46,7% dos xoves que hai en desemprego son parados de longa duración. Di non saber o que é a política preventiva, porque nunca escoitou tal termo, e pide que se lle aclare o que significa, se alguén o sabe. O que si sabe é que de Santiago marcharon 7000 xoves nos últimos tempos, que a taxa de desemprego é do 25,19%, superior ao 22 de media que temos en Galicia, que se incrementou o paro nun 6,5% e que por primeira vez na historia, Santiago, unha cidade de servizos, está por encima na taxa de desemprego de cidades tradicionalmente industriais como pode ser Vigo.

Hoxe en día, Santiago é a cidade de Galicia que ten a taxa de desemprego máis alta, cousa da que a Sra. Leis debe estar moi orgullosa, pola ampla sonrisa que manifesta cando se fala do paro. Pola contra, á Sra. Valledor non lle fai ningunha gracia, porque traballa nunha oficina de emprego en Santiago e todos os días ten que ver e atender a persoas cunha situación moi complicada, e sen cualificación profesional,. Ese plan

marabilloso do que falou Dona Reyes Leis aínda non chegou á súa oficina, na que están acostumados a que a política que mellor se lle dá ao Partido Popular sexa a propaganda.

Falou a sra. Leis de axentes sociais como a Universidade, a Asociación de empresarios do Polígono do Tambre e a Cámara, pero a Sra. Valledor cree que ao goberno se lle esqueceu algo tan obvio como manter contacto coas organizacións sindicais, que son ún dos principais actores do problema.

Efectivamente a Sra. Leis leva un mes de concelleira de emprego, e así como o Sr. Currás dixo con anterioridade que ó bipartito non lles importaba nada a facenda local, e por ese motivo cambiaban de concelleiro, a Sra. Valledor descoñece o que lle importa o tema do emprego a este goberno, se en menos dun ano vai pola segunda concelleira.

Don Rubén Cela fala a seguir, e di que hai unha cousa que non lle deixa de sorprenden, que é a nula autocrítica que hai no Partido Popular ante feitos que son obxectivamente incuestionables. Hoxe temos uns datos que non é que sexan malos nin pésimos, senon que son absolutamente demoledores, e debían sacar as cores a moita xente. Os datos da enquisa de poboación activa son moi significativos, porque evidentemente hai unha diferenza importante con respecto aos de paro rexistrado. Hoxe a EPA fala de 13.400 persoas en situación de desemprego en Santiago de Compostela, e iso é moi significativo, porque hai moita xente que xa non se apunta nas listas do paro, porque sabe que non vale absolutamente para nada. Na actualidade temos unhas taxas de paro rexistrado tremendamente deturpadas, entre outras cousas pola cantidade de xente que está alongando artificialmente o seu período de formación, porque non ten ningunha posibilidade de incorporación ao mercado laboral, e tamén por esa emigración xuvenil, que evidentemente non contan como parados, que marchou traballar a Brasil, Alemania, ou Suíza, . Hoxe aquí e a pesar diso temos uns datos da EPA de 13.400 persoas en Santiago de Compostela, e afirma o concelleiro que nunca houbo tantísimas familias en paro nesta cidade, pois houbo un funcionamento das taxas de paro diferente das doutras cidades galegas, entre outras cousas, polo seu peso funcional moi importante. Repite que, sen embargo, hoxe temos unha taxa do 25%, tres puntos porcentuais por riba da media galega, pero é que hoxe, os datos a nivel do Estado español e a nivel de Galicia firen calquera sensibilidade. Cando temos no conxunto do Estado dous millóns de fogares onde non traballa ningún dos seus membros, cando temos 96 mil fogares nesa situación no conxunto de Galiza, debería haber un mínimo de autocrítica, que debería cuestionar toda a serie de cambios que o Partido Popular vendeu. Díxose que eses cambios ían conducir a unha senda de crecemento, e a unha senda de creación de emprego, dixosenos que había que facer unha reforma laboral, que no único no que se fundamenta é no abaratamento do despido e en empeorar as condicións laborais, porque o mercado laboral español era moi ríxido, e agora se nos di que o problema é o das pensións e do gasto dos traballadores públicos. Con este tipo de políticas de contención do gasto público o que se conse-gue é contraer o consumo das economías, e se non hai

consumo non hai postos de traballo, e se non hai postos de traballo non entran salarios na casa, e non se pagan impostos, e se non se pagan impostos hai máis déficit público, e se non entran salarios na casa non hai consumo, e se non hai consumo non se contratan traballadores, nin se move a economía. Diante dunha situación deste tipo, o mínimo que habería que facer é poñer en cuestión a vía elixida, pois levamos un tempo aplicando políticas que ao único que levan é a un pozo sen saída.. Se hai que facer un xiro de cento oitenta graos nas políticas que se están a desenvolver, haberá que comezar en algun momento, pois ata o fondo monetario internacional, que non se pode acusar precisamente de bolchevique, reconece que as políticas de contención de gasto soas avocan á Unión Europea á absoluta ruína, a un período moi longo de miseria, a un período moi longo de paro, e a un período de recrudescemento das condicións sociais.

O Sr. Cela xulga moi positivo o incremento de axudas e de apoio a entidades benéficas, pero onde hai que actuar é na dirección da creación de postos de traballo, para que a xente cotice, pague os seus impostos, poida consumir e levar unha vida digna e con normalidade, o que require unha mínima autocrítica do que ven facendo ate o de agora o Partido Popular.

Dona Reyes Leis, pola súa banda, amósase sorprendida de escoitar algunhas cousas, porque cando alguén, un economista, fala de resultados, de plans ambiciosos, como son os que tivo que facer o señor Rajoy, de axustes para arreglar o desequilibrio que se deixou neste país por parte dun irresponsable que ten nome e apelidos e un carné dun partido que é o socialista, o Sr. Rodríguez Zapatero, non pode esperar resultados a un ano vista. É imposible que os ambiciosos plans postos en marcha, de reestruturación total da sociedade, obteñan resultados inmediatos. Aínda así, polo menos non fomos rescatados, que era a senda pola que nos levaba o anterior goberno, e o único xeito de fuxir do rescate era facendo axustes. Evidentemente a situación é crítica, e o paro é algo que nos preocupa a todos.

No tocante á crítica anterior da Sra. Valledor sobre o seu sorriso, di a Sra. Leis que ela sorrí sempre, porque lle sorrí á vida, e probablemente se a Sra. Valledor sorrira un pouco máis á xente que atende, ésta tería unha sensación diferente de como a atenden. A falta de respecto foi da Sra. Valledor cando dixo que a Sra. Leis estaba a rir.

Prosegue o seu discurso a concelleira indicando que os datos do paro na cidade a sitúan un 11% por debaixo do nivel español, co cal evidentemente non é para aplaudir, pero estase intentando conter esa cifra e melloralala. As medidas que se están a tomar tanto dende o goberno central como dende a Xunta de Galicia van nesa liña. Ese plan que a Sra. Valledor non coñece -o que amosa unha dobre irresponsabilidade, xa que á parte de ser concelleira está á fronte dunha oficina de emprego- presentouse hai mes e medio e é totalmente público porque saíu publicado no Boletín Oficial do Estado. O que non pode facer a Sra. Valledor é vir agora a presentar propostas que son sacadas da mesma

normativa aprobada polo goberno a través dun plan que xa está en marcha e que ten futuro.

Por outra banda, a concelleira indica que non dixo que non estiveran os sindicatos na elaboración dese plan, de feito hai unha mesa do pacto polo emprego na que está incluído todo o mundo. Incluso este propio plan é un plan aberto, ao que se pode adherir calquera, en positivo. Acabouse o de tirar pedras contra o goberno, pois o que espera a xente é que todos sumen e axuden. A seguir, indica que o cambio na súa concellería foi debido a que unha concelleira do seu grupo decidiu apostar todo pola súa carta de deputada, e porque outra compañeira levou o tema temporalmente mentres non se restructuraba o goberno municipal, aínda que a Sra. Leis non está preocupada pola imaxe que a Sra. Valledor poida ter do goberno, senon por facer cousas pola cidade, e para iso hai reunións coa Cámara de Comercio, cos empresarios do Tambre, e con que faga falta para solucionar os problemas da cidade.

Rematado o debate, a proposición é rexeitada ao obter 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular.

7. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Á vista do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa sesión do pasado día 18, dáse conta ao Pleno da Corporación dos persoamentos e das seguintes sentenzas e autos recaídos nos recursos contencioso-administrativos que se relacionan:

- Sentenza do 27 de decembro de 2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario 4107/2011, interposto contra a aprobación definitiva do Plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8). Esta sentenza foi aclarada por Auto posterior de data 7 de febreiro de 2013, no que se rectifica o erro padecido na sentenza en canto a identificación do recorrente (Comunidade Hereditaria de D^a Carmen Gómez Iglesias).
- Acordo de persoamento perante o Tribunal Supremo, nos autos tramitados como recurso de casación contra a sentenza do 8 de novembro de 2012, recaída no procedemento ordinario 4756/2011, interposto por dona Francisca Javiera Gil de la Peña, contra a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal.
- Acordo de persoamento perante o Tribunal Supremo, nos autos tramitados como recurso de casación contra a sentenza do 29 de novembro de 2012, recaída no procedemento ordinario 4620/2011, interposto pola Asociación Cultural de Nais do

Paxonal contra o acordo do 29 de setembro de 2011, relativo á ampliación dos usos na parcela dotacional 15 do SUNP-17 (Paxonal).

- Sentenza do 24 de xaneiro de 2013 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario 4576/2010, interposto por don Pedro Vázquez Rodríguez, contra a aprobación definitiva do Plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8).

8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA RELATIVAS A DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS.

Dase conta ao Pleno da Corporación das seguintes resolucións do Sr. Alcalde:

* De 10 de abril de 2013, pola que se delegan no concelleiro-delegado da área de participación cidadá, D. Francisco Javier Noya Iglesias, as competencias relativas á concesión de licenza para a entrada en funcionamento das instalacións eventuais, portátiles ou desmontables, e en xeral para as pequenas diversións que se dean ao público, como feiras e verbenas, en barracas provisionais ou ao aire libre, cabaliños xiratorios, carruseis, columpios, tiro ao branco e similares.

* De 10 de abril de 2013, pola que se delega no Director da área de urbanismo e infraestruturas, D. José Ángel Oreiro Romar a tramitación dos asuntos ordinarios que lle poidan corresponder por razón do seu cargo. Esta competencia comprenderá expresamente a posibilidade de preparación de escritos e comunicacións a outros órganos administrativos ou a particulares. Ditos escritos así asinados serán rexistrados a efectos de saída como documentos municipais.

* De 17 de abril de 2013 pola que se nomea concelleiro-delegado para a celebración de vodas ao concelleiro Don Luís Meijide Rodríguez.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado, das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas dende o 6 de marzo ata o 8 de abril de 2013 (núms. 1212 ao 1805, ambos incluídos), e dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela nas seguintes sesións:

Sesión ordinaria do día 7 de marzo de 2013 (Núm. 16).

Sesión extraordinaria urxente do día 8 de marzo de 2013 (Núm. 17).

Sesión ordinaria do día 14 de marzo de 2013 (Núm. 18).

Sesión extraordinaria urxente do día 19 de marzo de 2013 (Núm. 19).
Sesión extraordinaria urxente do día 19 de marzo de 2013 (Núm. 20).
Sesión ordinaria do día 21 de marzo de 2013 (Núm. 21).
Sesión extraordinaria urxente do día 25 de marzo de 2013 (Núm. 22).
Sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2013 (Núm. 23).

10. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 10 de abril de 2013, núm. 82

Solicítase poñer en funcionamento o panel electrónico da parada de autobuses da praza de Galiza e que se revise a actividade destes paneis electrónicos porque a información que proporcionan serve para fomentar o uso do transporte colectivo ao facilitarlle ás persoas usuarias xestionar mellor o seu tempo.

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 19 de abril de 2013, núm. 91.

Solicítase axilizar o pagamento pendente a Daviña, e que Alcalde reciba a este colectivo de traballadores e traballadoras que demandan axilizar os pagamentos pendentes coa empresa Daviña co obxectivo de que non teña escusa para afrontar as correspondentes indemnizacións ao persoal que vai perder os seus postos de traballo logo dunha vida laboral dedicada a esta concesionaria municipal.

PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 5 de abril de 2013, núm. 77.

En relación ás afirmación dos señor Alcalde na sesión plenaria do pasado día 21 de marzo, de se mofar dun rogo presentado polo BNG, no que dicía que pretendiamos deturpar ou pretender deturpar no afán galeguizador o nome da rúa Pexigo, nome do que é coñecida a súa procedencia “posticum”, formulan as seguintes preguntas:

En qué se basea o señor acalde, para facer esta afirmación?
Cales son as probas?

PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

PREGUNTAS.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 20 de marzo de 2013, núm. 73.

En relación á celebración do Fórum Gastronómico, formulan as seguintes preguntas:

Estanse mantendo xuntanzas para levar a cabo esta nova edición do Fórum Gastronómico 2014 en Santiago?

Cales son as intencións e compromisos do goberno municipal ao respecto da nova edición do Fórum?

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 22 de marzo de 2013, núm. 75.

En relación as noticias aparecidas nos medios de que o clube deportivo, Santiago Futsal, poida cambiar de Concello ou incluso desaparecer, formulan as seguintes preguntas:

Estase facendo algún tipo de iniciativa por parte do goberno municipal tanto a nivel económico como a nivel de mobilización das distintas forzas vivas da cidade para que o clube non teña que mudar de cidade?

Cal é a previsión ou partida económica que está previsto consignar á entidade Santiago Futsal nos orzamentos de 2013?

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 9 de abril de 2013, núm. 79.

Qué obras se realizaron ou se van realizar con cargo aos remanentes de 2010?

Qué obras se realizaron ou se van realizar con cargo aos remanentes de 2011?

4. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 15 de abril de 2013, núm. 84.

Reiteración de pregunta formulada o día 25 de marzo, en relación ás substitucións da Xefatura da Policía Local.

Anuncia o Sr. Cela a retirada do rogo presentado polo BNG relativo aos paneis electrónicos, e pasa a expoñer o que trata do inminente anuncio de despidos en Daviña.

O rogo ven motivado polas noticias xurdidas con respecto á empresa Daviña, empresa concesionaria do mantemento das instalacións de alumado público de Santiago de Compostela, onde se anunciaron inminentes despedimentos., alegando unha serie de impagos por parte do Concello. O BNG instaba no rogo a que o Sr. Alcalde recibira aos traballadores, o que xa ten feito, e en segundo lugar a que na medida do posible se poideran axilizar eses pagamentos para que a empresa concesionaria non tivera ó Concello de Santiago como excusa á hora de non poder levar adiante as indemnizacións que lle corresponde facer aos traballadores e traballadoras desa empresa.

Para D. Juan de la Fuente, que intervén a seguir, é evidente que unha vez máis a oposición chega tarde, e chega sempre tarde porque o seu antecesor na concellería xa tivera unha reunión co comité de empresa, e cos sindicatos. Hai un mes que o Sr. de la Fuente é concelleiro da área e nada máis chegar mantivo dúas reunións co comité de empresa e cos sindicatos que teñen representación nela, a última ás 9 horas da mañá de hoxe, nas que se chegou a algun acordo. Nesas reunións estivo presente a Sra. Sierra e tamén a Sra. Pardo, e nelas tratouse de solventar os problemas que ten a empresa, que como empresa de Santiago vaise protexer polo Concello. Por último, afirma o concelleiro que por primeira vez na historia a empresa DAVIÑA está cobrando ó día, o que nunca acontecera co bipartito.

Auséntase do salón de Plenos o concelleiro D. Rubén Cela.

11. TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 11 de abril de 2013, núm. 83.

En relación a posta en marcha dun plan integral de vías públicas, solicítase:

1. Diseñar un programa de actuación urxente para a reparación do firme das vías públicas municipais para a súa execución inmediata.
2. Elaborar un plan integral de mantemento para reflectir na axenda municipal a substitución, reparación ou reforzo do firme das vías públicas municipais baseado nun estudo de prioridades de actuación.

3. Instar ás administracións que teñen vías da súa titularidade na nosa cidade a que tomen medidas de maneira inminente.

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 16 de abril de 2013, núm. 85.

En relación á declaración de persoa non grata aos deputados/as que aprobaron a quita das participacións preferentes, solicítase:

1. Rexeitar as políticas do Goberno do Estado contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que ven como o PP legaliza o roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e do canxe por accións de nula solvencia.

2. Declarar persoa non grata en Santiago de Compostela á deputada compostelá no Congreso Marta González Vázquez, e aos outros catorce deputados/as do PP de Galiza polas graves consecuencias que o seu apoio incondicional á aprobación de normas que lle legalizan as quitas ás persoas titulares de participacións preferentes e débeda subordinada lle causan a milleiros de pequenos aforradores e inversores desta cidade.

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 16 de abril de 2013, núm. 86.

Relativa á divulgación do legado de Roberto Vidal Bolaño, solicítase:

1.- Que o Concello de Santiago lle facilite un local transitorio á asociación Roberto Vidal Bolaño, recentemente constituída, para desenvolver o seu labor e implicarse de xeito activo na súa transformación en Fundación para a difusión do seu legado, co obxectivo de que poida instalar a súa sede en Compostela.

2.- Que o Concello de Santiago nomee o Centro Sociocultural, de recente creación situado en Santa Marta, “Roberto Vidal Bolaño”.

3.- Que o Concello de Santiago, en colaboración coas persoas impulsoras da asociación Roberto Vidal Bolaño, programe actividades para a difusión da súa obra nos centros socioculturais durante o mes de maio para celebrar as Letras Galegas. Anualmente, o Concello promoverá a representación na rúa da obra “Doentes”, como homenaxe ao autor, e cederá o Teatro Principal para a representación gañadora do concurso de teatro afeccionado que leva o seu nome.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 23 de abril de 2013, núm. 94.

Relativa a necesidade de elaborar e executar un Plan Estatéxico para o aforro enerxético, solicítase:

1. Elaborar e presentar, antes de pasar un ano dende a toma do acordo, unha “Auditoría do Alumeado Público de Santiago de Compostela” onde, considerando todos os puntos de luz e semáforos, se realicen as seguintes accións: (a) inventario de todos os puntos de luz e semáforos considerando a súa localización e o seu tipo; (b) medicións lumínicas e enerxéticas relativas a cada punto; (c) análise dos consumos de cada punto por tramo horario; e (d) diagnose técnica das instalacións e proposta de medidas para a optimización da factura. Este acordo plenario comina ao seguimento estrito do “Protocolo de Auditoría Enerxética das Instalacións de Alumeado Público Exterior” presentado en 2008 polo IDAE e o Comité Español de Iluminación, elaborado a instancia do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio de España.

2. Realizar e presentar, antes de pasar un ano dende a toma do acordo, unha “Auditoría Enerxética do Concello de Santiago de Compostela” onde, considerando todas as instalacións, dependencias e calquera outros espazos dependentes do Concello de Santiago para a prestación de calquera seu servizo ou o cumprimento de calquera súa función, se realice a Certificación Enerxética dos Edificios Existentes coa especial relevancia das seguintes accións: (a) inventario de todos os puntos de consumo enerxético e, de xa estar inventariado, complementar a información dispoñible co seu consumo enerxético; (b) medicións lumínicas e/ou enerxéticas relativas a cada punto; (c) análise dos consumos de cada punto por tramo horario e tipo de uso; e (d) diagnose das instalacións e proposta de medidas para a optimización da factura. Este acordo plenario comina ao aproveitamento máximo das posibilidades permitidas pola Directiva 2010/31/UE, de 19 de maio, relativa á eficiencia enerxética dos edificios. O obxectivo destas auditorías será conseguir que todos os edificios existentes de titularidade municipal acaden unha cualificación enerxética mínima de B.

3. Redactar un Plan Estratéxico para o Aforro Enerxético onde se recollan todas as accións previstas pola “Auditoría do Alumeado Público de Santiago de Compostela” e máis a “Auditoría Enerxética do Concello de Santiago de Compostela”. O obxectivo final deste Plan Estratéxico para o aforro enerxético será que, nun prazo razoable de tempo, o Concello de Santiago de Compostela consiga para a súa xestión enerxética a certificación ISO 50001. Para isto, apóstase pola realización dunha estimación técnica da evolución do mercado enerxético nos vindeiros anos e unha previsión estratéxica das decisións máis probables que o Concello de Santiago de Compostela teña que afrontar no período para seguir mantendo un óptimo consumo enerxético; dentro dunha fronteira final orientada ao autoabastecemento e á independencia enerxética das infraestruturas e

estruturas dependentes do Concello de Santiago. Un Plan que en todo caso ten que axustarse aos valores da eficiencia, a eficacia e a economía dos servizos públicos; ten que considerar os principais avances técnicos e normativos producidos no marco da Unión Europea en materia de enerxías renovables; ten que estimar o impacto da maior eficiencia das tecnoloxías actualmente dispoñibles e a próxima viabilidade de alternativas enerxéticas novas; e ten que prever unha campaña social de concienciación cidadá relativa á eficiencia enerxética e ás vantaxes particulares e xerais asociadas a ela.

Manifesta o Sr. Alcalde que o seu grupo estima a urxencia na toma en consideración das mocións do BNG que solicitan a declaración de persoas non gratas dos deputados/as que aprobaron a quita, e a que ten que ver coa divulgación do legado de Roberto Vidal Bolaño. Solicita o Sr. Currás xa que logo, que o BNG defenda a urxencia da moción relativa á posta en marcha dun plan integral de vías públicas.

Dona Elvira Cienfuegos indica que esta última moción á que se referiu o Sr. Alcalde, que foi presentada a principios do mes de abril, pretendía e pretende unha solución á deficiente situación do viario municipal, que a principios do mes non só amosaba unha imaxe penosa, senón que dificultaba o tránsito rodado e o peonil. Ben é verdade que éste foi un ano especialmente chuvioso, pero tamén o é que no tempo meteoroloxicamente favorable tíñase feito moi pouco polo mantemento e conservación do viario, de xeito que a persistencia das chuvias veu levar a unha situación preexistente de ameaza e de gravidade insospeitada de deterioro.

De feito, o concelleiro responsable de vías xa anunciara no ano 2011 que tiña encargado a organización dun estudo das necesidades das vías públicas para no 2012 crear brigadas municipais, unha delas dedicada exclusivamente ao parcheo.

Polo que se coñece neste momento, a fase de parcheo está en marcha, pero o BNG entende que non é suficiente, non só porque este tipo de actuacións teñen un éxito limitado no tempo, senón porque para algunhas vías non é o sistema acaído, e para outras, dado o seu estado, xa é insuficiente. Por iso, na moción se propón en primeiro lugar aplicar un programa de actuación urxente de reparación do firme das vías públicas municipais, para a súa execución inmediata. Esta sería unha actuación previa no marco dun plan integral de mantemento e recuperación das vías públicas, que incluíría tamén, cando menos tal e como se recolle no apartado 2 da proposta do acordo, a elaboración dun plan de mantemento para reflectir na axenda municipal a substitución, reparación ou reforzo do firme das vías públicas municipais, baseado nun estudo de prioridades de actuación. En terceiro lugar, a moción pide instar ás administracións que teñen vías da súa titularidade no noso concello a que tomen medidas de maneira inminente.

A situación actual esixe medidas inmediatas, ademais de sostidas no tempo, incluída unha planificación previa, por iso entende o BNG xustificada a urxencia, cando o tempo

meteorolóxico empece a ser favorable ás actuacións no viario, para non volver a acadar a situación de gravidade á que chegamos neste ano.

Rematada a exposición da moción pola Sra. Cienfuegos, procédese á votación sobre a urxencia na súa toma en consideración, que é rexeitada ao obter 11 votos a favor, dos membros presentes dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, 13 en contra dos membros do grupo municipal popular, e unha abstención, do concelleiro do grupo municipal do BNG D. Rubén Cela, ausente no momento da votación.

Don Rafael Vilar, seguidamente, defende outra das mocións formuladas polo BNG, que de novo ten que ver coas preferentes, como mostra da preocupación constante que o seu grupo ten a respecto desta cuestión, polo menos dende o último ano e medio.

Lembra que no último pleno ordinario do mes de marzo aprobábase por unanimidade unha moción conxunta que entre outras cousas instaba á Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para a recuperación inmediata do 100% dos aforros destes aforradores estafados, e ao goberno do Estado para que se adoptasen as solucións legais oportunas para eliminar as quitas e os canxes.

Isto foi acordado na sesión do pleno do día 21 de marzo, pero o día seguinte o Congreso dos Deputados validaba o Real Decreto das quitas que expropiaba os cartos destes cidadáns e cidadás, moitos deles conveciños nosos. Hoxe mesmo escoitabamos aquí as declaracións dos propios afectados, que onte estaban en Bruxelas, coa súa demanda lexítima de recuperar o 100% dos seus aforros, pero o grupo popular segue xordo e cego a estas demandas.

O que pide o BNG na moción é en primeiro lugar rexeitar ese Real Decreto 6/2013, que leva o paradoxal nome de Real Decreto 6/2013, “de protección a titulares de determinados produtos de aforro e investimento de carácter financeiro”, e é paradoxal o nome porque instaura unha quita, un roubo dun mínimo do 43% dos aforros depositados nas antigas caixas.

En segundo lugar, na moción demándase a reprobación dos quince deputados e deputadas eleitos por circunscricións galegas do Partido Popular, que apretaron o botón verde para que vaia adiante esa quita do 43% dos aforros destes conveciños nosos. A fórmula que o BNG propón para esta reprobación é a declaración de persoa non grata deses quince deputados e deputadas, das que unha delas, por certo, forma parte da lista que presentou o partido popular nas últimas eleccións municipais nesta cidade, e quen sabe se a este ritmo non entrará de concelleira nesta corporación.

En todo caso, o BNG está aberto a estudar calquera outra fórmula que se propoña para reprobar a eses quince deputados/as que non sexa a declaración de persoa non grata.

Dicían hoxe aquí os afectados que esta medida da quita, a do roubo, é unha medida grave que afecta a oitenta mil galegos e galegas, dos que centos e centos son conveciños nosos. Hai moitísimos fogares afectados, moitísima xente afectada por este atraco legal, que empezou sendo unha estafa bancaria permitida, amparada, sen supervisión ningunha por quen debía ser supervisor, e hoxe ademais legalizada, pois iso é no que consiste a quita e o Real Decreto 6/2013. Estanse detraendo cartos deses aforradores para entregarllos directamente á banca, e así é como se legaliza o atraco. Os afectados, cando menos o 90%, son pequenos aforradores, asalariados moitos deles, moitos deles xente maior, moitos deles tamén autónomos que tiñan un negocio, bar, mercería, que tiñan un pequeno restaurante, e o que foran aforrando na vida acabárono metendo neses produtos, confiando na súa entidade bancaria, e confiando en que había supervisión por parte do goberno para que non se producise ese roubo, ese atraco.

O montante global, nunha estimación á baixa, é que máis de 600 millóns de euros que formaban parte dese aforro galego desaparecen e acaban nas máns da banca, polo tanto exprópanse ó país seiscentos millóns de euros que boa falta farían circulando nas economías locais, tamén na economía desta cidade.

Para o BNG é socialmente importante que o Concello de Santiago rexeite o Real Decreto que impón a quita aos preferentistas, e reprobe tamén a eses quince deputados/as do Partido Popular electos por circunscricións galegas, os únicos electos por circunscricións galegas que avaliaron co seu voto a quita. Parécelle ademais que este é un compromiso que se debe pedir a un Concello no seu papel de administración máis próxima ó cidadán, pois aquí hai que elixir entre situarse do lado dos cidadáns ou situarse do lado dos que roubaron, do lado dos banqueiros.

Don Francisco Reyes Santiás intervén a continuación, indicando que sobre o tema das preferentes tense debatido aquí noutra ocasión. Lembra particularmente o pleno ordinario do mes de setembro no que se presentou unha proposición por parte do Bloque Nacionalista Galego e unha moción por parte do PSdeG-PSOE para tratar este tema, rexeitada por este pleno polos votos do grupo popular.

Non é menos certo que seis meses despois, practicamente cun texto moi similar, por non dicir case o mesmo, foi aprobada unha moción conxunta, unánime por parte dos tres grupos políticos deste pleno.

A verdade é que se temos que facer un pouco de historia, todo comeza nun decreto do ano 2003, que muda a posibilidade de soamente comercializar as preferentes a persoas xurídicas, a facelo tamén ás persoas físicas. Deste xeito, durante os gobernos do Partido Popular presididos por Don José María Aznar, aproximadamente comercializáronse unhas 18.500 preferentes, que é aproximadamente o 66% de todas as preferentes que foron comercializadas ata a situación que nos levou a un momento como o que vivimos

hoxe, no que os afectados tiveron que manifestar a maneira na que están a sufrir a perda para moitos deles da maior parte, senón de todos os aforros que fixeron na súa vida.

Non é menos certo que as operacións foron consideradas mesmo estafas, e venlle á memoria nestes momentos unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade das Illas Baleares, ou tamén dúas sentenzas do Tribunal contencioso-administrativo de Pontevedra e Vilagarcía.

O seu grupo rexeita a actitude do Partido Popular de cara á solución das preferentes, obviamente limitando neste momento esa consideración aos membros do Parlamento de Galicia, e aos membros do Congreso dos Deputados, dado que o Pleno da Corporación, por unanimidade, aprobou unha moción en favor dos afectados/as polas preferentes. Lembra o concelleiro que no debate no Parlamento de Galicia, sobre a lei de defensa do consumidor, o PSdeG-PSOE foi o único grupo que presentou emendas para incluír a defensa dos consumidores fronte aos abusos bancarios, emendas rexeitadas polo grupo popular.

Nembargantes todo o anterior, o PSdeG-PSOE pensa que quen ten que rexeitar as actitudes e as formas dos representantes dos cidadáns, neste caso dos deputados/as do Partido Popular, teñen que ser os mesmos cidadáns que os elixiron no seu momento, e polo tanto, o Sr. Reyes manifesta que o seu grupo se vai abster na moción.

Regresa ao salón de Plenos o Sr. Cela.

Dona María Pardo intervén a continuación, e informa ao señor Vilar e ao grupo nacionalista do Bloque Nacionalista Galego sobre a incuestionable vontade do presidente da Xunta de que se atopen fórmulas que garantan a liquidez inmediata ás persoas afectadas polas preferentes, dentro das posibilidades que permita a lexislación española e europea. Tamén lembra que se adoptaron xa seis acordos por unanimidade de todas as forzas políticas presentes no Parlamento de Galicia, o que evidencia a vontade de todos os grupos parlamentarios de defender ás persoas afectadas.

Sen dúbida o señor Vilar e o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego son coñecedores de todos estes feitos, polo que aforrará ao pleno o tempo de escoitar as numerosas medidas adoptadas polo PP para solucionar o grave problema social creado en España durante os anos dos chamados gobernos de progreso, dos que o BNG foi cómplice, coa estafa a miles de pequenos aforradores a través das chamadas preferentes, que non se poden obviar nin borrar por poñerse unhas camisetas.

O que sí é certo é que o grupo municipal do Partido Popular condena enérxicamente os actos de acoso aos deputados/as do Partido Popular, pois é absolutamente inútil

pretender ter éxito político mediante a coacción ou as formas ilexítimas de presión aos deputados/as populares.

A concelleira lembra que como garantía do dereito de manifestación está o respecto ás regras do xogo democrático e á legalidade vixente, e esta é a esencia do sistema representativo que os españois nos demos e que se atopa recollido na Constitución Española de 1978, aínda que o sr. Vilar a xure por imperativo legal.

O grupo municipal do Partido Popular reafirma a necesidade de que todos os grupos políticos con representación parlamentaria condenen enerxicamente os actos de acoso aos deputados/as, con independencia da súa militancia política, pero ademais, o grupo municipal do Partido Popular denuncia a ruindade da oposición ao pretender facer un uso político do sufrimento de miles de familias e actuando así, obviar que a representatividade nun sistema democrático se consegue a través dos votos emitidos nas urnas. Ademais, o grupo municipal do Partido Popular denuncia tamén a instrumentalización das institucións públicas pretendida polo Sr. Vilar e o grupo municipal do BNG, pretendendo liderar dende elas unha campaña de acoso singularizada e con nomes e apelidos contra deputados do Partido Popular, co único fin de estigmatizalos mediante iniciativas que son un exemplo asombroso e repugnante de sectarismo e totalitarismo, motivos todos eles que levan ó seu grupo a rexeitar a moción presentada.

Responde agora ás anteriores intervencións Don Rafael Vilar, e comeza por lamentar que o partido socialista obreiro español non se adhira a esta reprobación. É certo que os cidadáns poden reprobar determinadas políticas a través do seu voto en urnas cando sexan chamados, pero tamén é certo, que existen outros instrumentos en democracia e outra maneira de participar en democracia que non son só os votos, e entre eses instrumentos está o dereito á manifestación e o dereito á protesta, polo tanto sería totalitario impedir ese dereito.

O señor Gonzalo Moliner, Presidente do Supremo, e non militante do Bloque Nacionalista Galego, di: “los escraches son un ejemplo de libertad de manifestación”, indo máis aló do que aquí propón o BNG de sinalar responsables lexítima e democráticamente. O sinalamento de responsables é legal porque ten amparo na actual marco xurídico do que nos dotamos, por exemplo, en concreto no artigo 21 da Constitución Española de 1978, cando fala do dereito de manifestación, e tamén na Lei Orgánica 9/83, Reguladora do dereito de reunión, lei de hai trinta anos e non derogada na actualidade. Tamén ten amparo legal no artigo 11 do convenio europeo dos dereitos humanos de 4 de novembro de 1950, suscrito polo Estado español e aínda en vigor, no artigo 21 do pacto internacional de dereitos civís e políticos de New York do 19 de decembro de 1966, e máis recentemente no artigo 12 da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea.

Polo tanto, non sabe o sr. Vilar de que está a falar dona María Pardo cando acusa a alguén non se sabe de qué, ou cando saca ese argumentario que vale para tertulias radiofónicas dicindo que a culpa é de Zapatero cando non é verdade, pois o partido popular tena toda. E a ten en primeiro lugar porque permitiu, amparou e non supervisou, e agora porque co novo Real Decreto estableceu esa quita do 43%, converténdose no Robin Hood ao revés, quitando os cartos aos pobres para darllos aos ricos, á banca.

O grupo municipal popular ten unha oportunidade hoxe aquí de dicir non a esas prácticas, de reprobar esa actitude do seu partido en Madrid, do goberno de Rajoy e dos quince deputados galegos que premeron o botón verde, e deben aproveitala estando do lado da xente, que é o que pide o Bloque Nacionalista Galego.

Don Francisco Reyes sinala que tamén o grupo socialista rexeita as actitudes dos deputados/as do Partido Popular con respecto ao problema das preferentes, pois foron precisamente os gobernos de progreso, os que adaptaron a normativa comunitaria de defensa dos consumidores, e dos usuarios dos servizos bancarios, e lembra novamente a postura do seu grupo con respecto á abstención cara á reprobación dos/as deputados/as do Partido Popular. A seguir, confirma o respecto e defensa do seu grupo do artigo 24 da Constitución, que recolle a liberdade de expresión e de manifestación.

Pola súa banda, Dona María Pardo Valdés di que non vai gastar máis tempo no debate, porque cando non hai esencia democrática nas veas e se lexitima o acoso, non son necesarios máis argumentos. No tocante ó manifestado polo grupo socialista, di que non esperaba máis que a covardía, facendo honra a Pilatos.

Rematado o debate sobre o contido desta moción do BNG, é rexeitada ó obter 3 votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular, e 9 abstencións dos membros do grupo municipal socialista.

Don Rafael Vilar pasa a seguir a defender a moción do seu grupo relativa á divulgación do legado de D. Roberto Vidal Bolaño, e indica que non é a primeira vez, nestes últimos meses, que o BNG trae unha iniciativa que fala da posta en valor e da reivindicación da figura dun dramaturgo como Roberto Vidal Bolaño, autor homenaxeado co día das letras galegas 2013. Lembra o concelleiro que dende o ano 1963 en que se instaura por parte da Real Academia Galega o día das Letras Galegas, e deixando á marxe a persoa homenaxeada nese ano 63, Rosalía de Castro, Roberto Vidal Bolaño é a primeira persoa cunha vinculación directa coa nosa cidade, porque naceu e pasou case toda a vida completa en Compostela.

Estamos a catro semanas, a menos dun mes dese 17 de maio, día das letras galegas, e este é o último pleno que celebra esta corporación antes desa data, por iso o BNG quere

con esta moción reiterar o compromiso da cidade, e polo tanto, desta corporación municipal, con Roberto Vidal Bolaño, coa súa obra, e por suposto tamén co mundo do teatro, e reiterar este compromiso ademais coa idea de que perdurase máis alá do 17 de maio, polo tanto, máis alá do ano 2013. No mes de xuño deste mesmo ano a Real Academia nomeará a outra persoa para homenaxeala en 2014, por iso parécelle importante facer e deixar testemuña como corporación municipal, como concello, de algo que perdure no tempo, máis alá da data de 17 de maio.

A moción ten dous eixes, o primeiro, que se acaba de expoñer, é o de deixar asentada a figura de Roberto Vidal Bolaño na nosa cidade, e o segundo ten que ver co teatro, e con manter esa estreita relación que historicamente tivo Santiago de Compostela co teatro e coas artes escénicas.

Na literalidade do texto propositivo o que se di é:

1.- Que o Concello de Santiago lle facilite un local transitorio á asociación Roberto Vidal Bolaño, recentemente constituída, para desenvolver o seu labor e implicarse de xeito activo na súa transformación en Fundación para a difusión do seu legado, co obxectivo de que poida instalar a súa sede en Compostela.

2.- Darlle nome ao Centro Sociocultural de Santa Marta de “Roberto Vidal Bolaño”, de xeito que nese centro se farían cadrar conxuntamente dous nomes que son emblemáticos do teatro e desta cidade, pois tamén alí hai unha sala que se chama Agustín Magán

3.- Que o Concello de Santiago, en colaboración coas persoas impulsoras da asociación Roberto Vidal Bolaño, programe actividades para a difusión da súa obra nos centros socioculturais durante o mes de maio. Esta parte da moción indica o concelleiro que xa se está a levar a cabo, pero hai unha segunda parte neste terceiro punto que ten que ver coa representación na rúa dunha das obras principais, e máis enraizada na nosa cidade, que é a obra “Doentes”, que serviría como homenaxe ao autor. Á parte, solicítase ceder o Teatro Principal para a representación da obra gañadora do concurso de teatro afeccionado que se puxo en marcha e que leva o seu nome.

Dona Mercedes Rosón intervén agora, e indica que o grupo municipal socialista súmase, votando favorablemente, a esta moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego. Lembra a concelleira que fai uns meses o seu grupo xa presentou unha moción, que daquela non foi debatida, que incluía unha serie de propostas para poñer en valor a importantísima obra de Roberto Vidal Bolaño, ilustre compostelán do Barrio de Vista Alegre, que pasará á historia do noso país, da nosa lingua e da nosa cidade, por ser un dos máis importantes dramaturgos, escritores e directores de escena, porque á parte de traballar toda a súa vida profesional en Santiago de Compostela, moitas das súas obras están inspiradas e están centradas en Santiago de Compostela, que é sempre o escenario

das mesmas. Así o recoñeceu o ano pasado a Real Academia de Galicia, cando aínda non pasaran case os dez anos do seu pasamento, e xa inmediatamente o elixiu como escritor para ser homenaxeado na celebración do día das letras galegas deste ano 2013.

Para a concelleira, Roberto Vidal Bolaño forma parte do patrimonio de Compostela, polo tanto insiste na idea de que a celebración da súa homenaxe a través de diferentes actos e actividades ao longo deste ano 2013 non se quede somentes neste ano, porque a súa figura merece unha homenaxe continua, e no futuro, dende os departamentos de educación, cultura e centros socioculturais, débese seguir a traballar no seu legado.

O Sr. Alcalde explica que dende a área de cultura a principios de ano se mantiveron conversas e colaboración directa coa asociación Roberto Vidal Bolaño e outras institucións co fin de evitar coincidencias na programación e rendabilizar os recursos públicos.

En febreiro ceduse á Asociación Roberto Vidal Bolaño o Teatro Principal para os actos de presentación da citada asociación, e dende aquel momento mantéñense as reunións periódicas con representantes da mesma. En concreto, tamén se está a estudar a viabilidade da representación da obra “Doentes” e da colaboración no concurso de teatro afeccionado que xa está en marcha, e que aínda se atopa nunha fase inicial de deseño. Evidentemente -afirma o Sr. Currás- vanse celebrar máis alá do mes de maio actos de difusión da obra de Roberto Vidal Bolaño.

Engade que o Concello cedeu o Teatro Principal durante a primeira semana de maio, no marco dun proxecto de colaboración coa Universidade de Santiago, para celebrar a mostra de teatro universitario de Galicia, para representar entre outras obras “A burla do galo”. Na mesma semana das letras galegas se inclúen tamén as seguintes representacións no Teatro Principal: “criaturas”, os días 16 e 17 de maio, “bailadelas”, os días 18 e 19 de maio; e dentro do programa didáctico, “bailadelas-mulleres” os días 13 e 14 de maio. O Concello, ademais, conxuntamente coa Real Academia Galega e coa Xunta de Galicia, vai participar nos actos de homenaxe a D. Roberto Vidal Bolaño no mesmo día das letras galegas, descubriendo unha placa conmemorativa en Pelamios.

Outro acto, conxunto coa Real Academia Galega, celebrarase no Teatro Principal, ao que se unirá unha recepción ás autoridades no Concello. Asemade, o libro de “ Un chapeu negro e un nariz de pallaso”, en homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, vaise adquirir, xunto co correspondente CD, para difusión nos centros educativos e nos centros culturais, pero por se isto fose pouco, dentro das actividades relacionadas coa concellaría de centros socioculturais non somentes vai haber en dezaioito centros socioculturais o obradoiro artístico literario para nenos e nenas, no que por certo, o programa leva a caricatura de Roberto Vidal Bolaño, senon que tamén hai un obradoiro

de teatro sobre a figura de Roberto Vidal Bolaño, coa representación da obra “Anxeliños” os días 14,15 e 16 de maio.

Conclúe o Sr. Alcalde a súa intervención afirmando que á vista de todo o anteriormente exposto, non é necesario apoiar ningunha moción, porque o Concello leva traballando moito tempo na conmemoración do día das letras galegas, e por suposto, na difusión da obra e da vida de Roberto Vidal Bolaño.

Don Rafael Vilar intervén de novo, e agradece en primeiro lugar o apoio á moción por parte do grupo municipal socialista. A seguir, e para defender o desexo de que perdure a obra de Roberto Vidal Bolaño, refírese á Sra. Sierra, que empezou hoxe a súa intervención invocando a un poeta que forma parte do acervo cultural de todo o mundo, D. Antonio Machado, “caminante no hay camino”, e que despois tivo unha cita doutro “clásico” que é Buzz Lightyear, citando “hasta el infinito y más allá”, da película “Toy Story”. Se cadra, para o ano que ven, a concelleira pode citar a Roberto Vidal Bolaño, por iso hai que poñer en valor a súa obra. Non nega o concelleiro que houbo un esforzo por parte do Concello de Santiago, como non podía ser menos por outra parte, e non vai reiterar argumentos porque se coñeza a obra de Roberto Vidal este ano, porque o que lle interesa ao grupo municipal do BNG é que a súa obra perdure, que Compostela siga unida a esa obra, en toda a súa extensión, e por iso parécelles importante tamén que o seu nome acabe sendo o referente, e por tanto, o que lle dea nome, valga a redundancia, ó centro sociocultural de Santa Marta. Con isto lograríase que perdurase no tempo, e non que pasado o día pase a romaría, é dicir, que rematado o 17 de maio de 2013, pois en xuño a Real Academia elixira outro autor para ser homenaxeado, non nos esquezamos para sempre de Roberto Vidal Bolaño, porque a súa obra ten que perdurar, e ten que vivir entre nos, hai que transmitila ás xeracións futuras, ten que seguir a estar nos centros, ten que seguir sendo referencia nas escolas e nos centros socioculturais da nosa cidade.

O espírito da moción é o que acaba de expoñer o concelleiro, que lamenta que non se atenda á moción porque entende que o que non pode haber é unha programación da obra do autor centrada únicamente neste ano, como se fose por exemplo a de Francisca Herrera Garrido, escritora que tamén representa algo na literatura nacional galega, e á que tamén se adicou un ano o día das letras galegas, pero que non ten especial vinculación coa nosa cidade.

Dona Mercedes Rosón fala agora de que a relación de actividades conmemorativas do ano de Vidal Bolaño que o señor alcalde acaba de relatar non son distintas das que se programan habitualmente tódolos anos dende diferentes departamentos municipais con ocasión do día das letras galegas. Este ano, a diferenza estriba no feito de que Roberto Vidal Bolaño é un compostelán importantísimo dentro da cultura contemporánea galega, e apoiar a moción do BNG estima que é de absoluta sensatez, e dende logo vai

axudar a colaborar cunha serie de axentes, como é neste caso a asociación, recentemente creada, de Roberto Vidal Bolaño, para apoiar esa permanencia no tempo.

Tal e como lle manifestou persoalmente a D. Francisco Noya, opina a concelleira que a iniciativa, incluso todo o material gráfico do proxecto relativo aos centros socioculturais, realmente dignifica moito esa proposta, pero evidentemente a moción pretende ir moitísimo máis aló do que se poida facer este ano, por iso reitera o voto favorable do seu grupo.

Remata o Sr. Alcalde o debate repetindo que dende diversas concellerías se están poñendo en marcha actividades de colaboración coa Real Academia, coa Universidade, coa Xunta de Galicia, e dende logo, coas asociacións, non só coa de Roberto Vidal Bolaño, senón tamén coa de Pelamios, para a celebración do día das letras galegas. Por tanto, non estima necesario ningún apoio específico á figura de Roberto Vidal Bolaño, que indubablemente é un compostelán que merece o respecto e o apoio do Concello de Santiago.

Rematado o debate sobre o contido desta moción do BNG, é rexeitada ao obter 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipal do BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular.

Auséntanse do salón de Plenos os/as concelleiros/as Dona Mar Martín e D. Bernardino Rama.

Pásase seguidamente á defensa da urxencia na toma en consideración da moción presentada polo grupo municipal socialista para elaborar e executar un plan estratéxico para o aforro enerxético.

Dona María de los Ángeles Gómez Bugallo explica que o seu grupo está moi preocupado pola seguridade dos cidadáns de Santiago e pola pésima imaxe que se está a dar da mesma, sen tomar medidas adecuadas, cuns métodos erróneos e uns obxectivos mal plantexados.

Non cabe dúbida de que o aforro enerxético é un obxectivo que se está a converter en prioritario para a mellora da xestión dos recursos públicos, ademais de ser unha imposición por directiva europea, pero a búsqueda da eficiencia no aforro enerxético debe facerse dunha forma metódica, profesional e intelixente.

O grupo de goberno lóase ante os medios de comunicación de tomar medidas de aforro enerxéticas que logo quedan nun aforro do 6% aproximadamente do gasto enerxético municipal, triste balance para unhas medidas que poñen en perigo a seguridade, e pode incluso que as vidas dos santiagueses, e que prexudican a imaxe da cidade.

O grupo municipal socialista presenta esta moción co obxectivo de poñer freo a este despropósito técnico, e de deter a agresión para os nosos cidadáns, antes de que haxa algunha desgraza, algún accidente, e o Concello de Santiago vexa o seu nome aínda máis arrastrado polo chan. O achegamento á eficiencia enerxética non é unha ocorrencia puntual, senon que debe facerse cunha visión de proceso organizado e planificado, e cuns obxectivos claros e definidos. Debe contarse coa complicidade dos bos técnicos que hai no noso concello, debe facerse unha diagnose inicial técnicamente sólida, unha planificación razoada e xustificada, un plan de acción baseado no coñecemento, e un control de todo o proceso para avalialo e melloralo continuamente.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor, dos membros presentes dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular, e 2 abstencións, dos concelleiros/as Dona Mar Martín e D. Bernardino Rama, ausentes no momento da votación (art. 100 R.O.F) rexeita a urxencia na toma en consideración da moción presentada polo grupo municipal socialista relativa á elaboración e execución dun plan estratéxico para o aforro enerxético.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as dezanove horas e cincuenta minutos. Dou fe.